




XURDIAMENTO



Boletín Informativo-Cultural **Centro Galego de Lleida**



Tabuleiro de contidos

Saúda do presidente do Centro Galego de Lleida, José Terceiro Folgar.....	1
Saúdas das autoridades.....	2
«Entre nós, en galego», Xosé Sánchez Puga.....	11
«Vacacións para lembrar», Juan Rodríguez e Luis Trigo.....	13
«Curiosidades Xurídicas», Juan Rodríguez Gómez-Dacal.....	15
«O grupo coral, Cengallei», Un oínte ña escolta.....	17
«Cadro de Honra: Julio José Fontán Fariña», Juan Rodríguez e Luis Trigo.....	19
«A Vocalía da muller», Marta Roigé Mostany.....	20
Entrevista a Teresa Ribes, Marta Roigé Mostany.....	21
O Recuncho da poesía.....	22
«Boter de cuir», Joan Bellmunt i Figueres.....	26
«Xocas, un coñecedor de Galicia», Amadeo Cobas.....	27
«Un balance Jacobeo», Federico Pomar.....	29
«Guillermo Carnero», Marisa Torres.....	31
«Mitos e lendas de Sela», Agapito Valado.....	32
«O Cartucho», Agapito Valado de Sela.....	34
«O noso viño de cada día», Cotono.....	35
«Os poetas na memoria», Pura Salceda.....	37
«As fórmulas electorais», Juan Rodríguez Gómez-Dacal.....	39
«O Faro de Cabo Prior», José López Hermida.....	41
«O Xurés de Santa Eufemia», Xosé Lamela.....	43
«O xardín de Mme. Polette», Noelia Rodríguez.....	45
«Ata acadar o viño», Suso Baixa Limia.....	46
«Educar con el cine», M ^o Ángeles Almacellas.....	49
«O burro» (conto Radio Carballiño), Cristal.....	51
«Reyes gallegos», Rubén Alonso de Ponga.....	53
«Un recuerdo para Severino Fernández Vereca», José Sieiro Casanovas.....	54
«El permiso de conducir por puntos», Tomás Muñoz.....	55
«Bebé a bordo», Luis T. Prunera.....	56
«Celestino Castro: el gallego de Bill Clinton», Julián Morancho.....	58
«El llegat d'una filla», Ramón Oliva Montoy.....	59
Artigos do aniversario de Luis Alonso, «Obrales».....	60
«O tabaco», Marangeva «Obrales».....	62
Entrevista a Cristina, do Restaurante do Centro Galego de Lleida, Juan R. e Luis T....	64
«La Reunión, una illa verge», Enric Ribera.....	66
«Galicia; Ill-terra, lingua, pobo», Rosa González Mahía.....	67
«Nuestra razón de ser y existir», Cosme García Mir.....	69
«Excursión Xacobeo Octubre 2004», Pili Cañadell.....	71
«La Capella d'en Serra», Jordi Curcó.....	72
«As árbores na estrada», Juan Carlos Toribio Ramos.....	73
«El món que ens envolta», «El futbol, un negoci de tots», Albert Suevos Guillamet.....	76
Actos culturais do noso centro perante o ano 2004, Luis T. e Juan R.....	77
Concurso infantil de debuxo.....	81
O Centro Galego na prensa.....	83

COMO	<i>Vacacións para lembrar</i>	13	<i>A vocalía da muller</i>	20
	<i>Curiosidades xurídicas</i>	15	<i>Recuncho da Poesía</i>	22
CADA ANO:	<i>O grupo coral Cengallei</i>	17	<i>Nuestra razón de ser y existir</i>	69
	<i>Cadro de Honra</i>	19	<i>Actos culturais do centro</i>	77

Saída do Presidente do Centro Galego de Lleida

Queridos socios, amigos e simpatizantes do Centro Galego,

Como cada ano por estas datas, seguimos sendo fideles á nosa obriga e presentámoslles a Revista anual, Xurdimento.

Nesta ocasión é moi especial ó coincidir co Ano Santo Compostelano, e como non podía ser doutro xeito viaxe a Galicia con dous autocares. Sen entrar en menudenzas: Moi ben polo que respecta á organización e no seu conxunto pasouse moi ben, pero os que participamos seguro que cando celebremos o vindeiro lembraremos do día que pasamos na Coruña pola cantidade de chuva que caeu, acompañada de tal vento que os paraguas non aguantaron, pero tamén coído coincidir coa maioría de vosoutros e seguro que xa estamos a pensar no seguinte, se Deus nos dá vida e de certo que repetiremos.



Nalgún outro número da nosa revista, anos atrás claro, pedía e dicía que o AVE era unha realidade para Lleida e cómo son as cousas, agora que témo-lo AVE pediremos que o aeroporto de Alguaire sexa unha realidade para o vindeiro ano. Nosoutros, no Centro Galego, algún tempo atrás pedimos e hoxe temos solucionado o problema que existía para as persoas con discapacidade, así como acabar coa débeda do local de Pardiñas e a piques de rematar tamén coa da nosa Sede Social no Joc de la Bola.

Quixera ter unhas palabras de agradecemento para tódolos compañeiros da Xunta Directiva, así como para os seus familiares posto que son moitas as horas que lle dedicamos, tamén ós responsables e compoñentes da Vocalía da Dona, á Coral Cengallei, ó que queda e ó que se está a renovar do Grupo Xurdimento, que todos sigades a facer o esforzo de participar nos actos, posto que esa é a recompensa de todos que coa vosa actuación temos unha grande satisfacción e sentímonos orgullosos de pertencer a este Centro Galego

Tamén quixera lembrarles que agora que temos concesionarios no Bar Restaurante, que ben funcionando moi ben, anímovos a que colaboredes en todo aquilo que vos sexa posible, posto que da aportación de todos depende que o noso Centro teña unha representatividade digna de honra.

Supoño que ó ler estas miñas verbas nas que vos demando algunhas cousas extrañaravos, pero como sempre pido moito, dareivos tregua. Agora ben, lembrar que a vosa asistencia ós actos que celebramos fai da nosa Entidade un dos mellores exponentes da boa sociabilidade e da importancia do Centro Galego en Lleida. Polo tanto quero agradecervos a vosa participación e pedirvos que sigades asisitindo, así como facer mención especial ós que se encargan da organización e mantemento dos mesmos.

Non podía finalizar sen un recordo para os que non se atopan con nosoutros, que este ano foi especialmente sinistro pola cantidade e pola cualidade dos colaboradores e incluso algúns deles fundadores deste noso Centro. Que saiban tódolos seus máis achegados que a todos témolos na nosa lembranza e que estamos ó seu dispor para todo o que poidamos ofrecer dende esta nosa Entidade, que é a de todos vosoutros.

Quixera ser adivino e celebrar con todos o reparto da Lotería, que presinto que este ano tocaranos, o que non poderemos celebrar será o do Aeroporto, pero todo chegará e seguro que no vindeiro ano celebráremolo.

Que este ano 2005 sexa próspero e cheo de saúde para todos.

José Terceiro Folgar
Presidente do Centro Galego de Lleida

Saída do Presidente da Xunta de Galicia

Estimados lectores da revista *Xurdimento* e socios do Centro Galego de Lleida,

Coma fillo de emigrantes que chegou a pasar en Cuba unha breve etapa da súa infancia, sempre vivín como propias as alegrías e as penas da emigración. A experiencia da emigración marcou ós meus pais, e estou certo de que esa fonda pegada tivo moitísimo que ver con quen eu son agora, do mesmo xeito que Galicia enteira ten un carácter especial por ser terra de emigrantes.

Eu sempre digo que a emigración galega somos nós mesmos, forma parte esencial do que Galicia significa, sen ela mesmo non sería posible escribi-la historia contemporánea de España e, moito menos, a da nosa Comunidade Autónoma.

Ademais a diáspora galega distínguese doutros movementos migratorios en que, a pesares da distancia e do tempo transcorrido, soubo conserva-los seus trazos identitarios, estívese onde estívese. E iso foi posible gracias, en gran parte, á existencia de Casas, Centros, Irmandades e Asociacións nas que o fomento da integración e as iniciativas culturais, como esta revista *Xurdimento*, foron, e seguen a ser, unha prioridade constante.

A colectividade galega de Lleida forma parte dunha epopea histórica, a de milleiros de homes e mulleres que ó longo dos séculos se viron obrigados a marchar da súa terra e a comezar unha nova vida con ilusión e con traballo, tan lonxe e ó mesmo tempo tan preto do solo e o ceo que os viu nacer.

A nosa diáspora deixou senti-la súa impronta sobre cada un dos filamentos que urden o tecido social das comunidades onde nos asentamos, fomentando o coñecemento e o protagonismo da nosa cultura.

Agora é precisamente nos vosos fillos onde atopan continuidade os vosos proxectos e iniciativas, de aí, que sexa necesario seguir adxudicándolles merecidos espazos de responsabilidade no seo das colectividades. Hoxe en día atopámonos nun momento crucial, de transición das primeiras ás segundas xeracións dos fillos de galegos, os que educados entre dous mundos souberon sacar proveito ás enormes posibilidades que esta dobre identidade lles confire. Sería un estrago e un dramático erro que esta terra non fora capaz de sacar todo o proveito que ofrece o enorme capital humano que a historia lle proporcionou en todo o mundo.

Sei tamén que todos vós, os galegos de Lleida, reafirmade-lo voso compromiso coa galeguidade de xeito permanente, mirando ó porvir con ánimos renovados, coa esperanza certa de que seguides crecendo coma membros dun pobo xigante, vivo e creativo, loitador e con coraxe, fieis ós valores que nos distinguen: os da lealdade, o espírito de traballo e a solidariedade. Eles nos guiarán, como sempre o fixeron.

Amade esta terra. Sodes fillos dun lugar fantástico e cheo de tesouros. As mesmas pedras que asentán as vosas orixes reflicten o paso de varias civilizacións e culturas ó longo dos séculos. A súa riqueza humana, artística e monumental apréciase en cada oco, e os galegos, alí onde estean, son sempre os seus mellores pregoeiros.

Seguide sendo exemplo de Galicia. Seguide sendo embaixadores nesa terra sulcada polos Camiños de Santiago que, como os vosos corazóns e as vosas memorias, ten como meta este lugar do Finisterrae que vos aprecia e se enorgullece de vós.



Manuel Fraga Iribarne
Presidente da Xunta de Galicia

Saída do Paer en Cap do Ajuntament de Lleida

El Centro Galego de Lleida torna fidel a la seva cita anual amb els lectors de la revista "Xurdimento". Les llengües catalana, gallega i castellana s'alternen en aquesta publicació que recull les principals activitats del darrer any i les creacions literàries i els articles dels seus col·laboradors, que ens permeten conèixer el vostre gran bagatge cultural.

El Centro és una de les cases regionals més importants de la ciutat. Des de la seva fundació, al 1977, ha treballat de manera exemplar per mantenir i impulsar els vincles amb la terra d'origen i, paral·lelament, per enfortir les arrels lleidatanes i participar en l'intens procés de reconstrucció a escala social, urbana, cultural i econòmica que Lleida ha experimentat en els darrers 27 anys.

Convido al Centro i als seus associats a mantenir aquest esperit de col·laboració constant, en un moment en què el paper de les entitats i de la ciutadania està adquirint un pes cada cop més gran, tal i com reflectirà el Reglament de Participació Ciutadana que es presentarà properament. Necessitem les entitats, i amb elles, a les Cases Regionals, per fer ciutat.

Desitjo que el 2005 sigui un any molt positiu per a l'entitat i reitero la disposició de l'Ajuntament de Lleida per mantenir la voluntat de col·laboració i de diàleg que ha existit fins ara.



O Centro Galego de Lleida volve fidel á súa cita anual cos lectores da revista "Xurdimento". As linguas catalana, galega e castelá alternanse nesta publicación que recolle as principais actividades do pasado ano e as creacións literarias e os artigos dos seus colaboradores, que nos permiten coñecer o voso grande bagaxe cultural.

O Centro é unha das casas rexionais máis importante da cidade. Dende a súa fundación, no 1977, ten traballado de maneira exemplar por manter e impulsa-los vínculos coa terra de orixe e, paralelamente, para reforza-las raíces lleidatanas e participar no intenso proceso de reconstrucción a escala social, urbana, cultural e económica que Lleida ten experimentado nos últimos 27 anos.

Convido ó Centro e ós seus asociados a manter este espírito de colaboración constante, nun momento en que o papel das entidades e da cidadanía está adquirindo un peso cada vez máis grande, tal e como o refrexa o Regulamento de Participación Ciutadana que se presentará próximamente. Necesitamos as entidades, e con elas, as Casas Rexionais, para facer cidade.

Desexo que o 2005 sexa un ano moi positivo para a entidade e reitero a disposición do Concello de Lleida de mante-la vontade de colaboración e de diálogo que ten existido ata agora.

Ángel Ros Domingo
Paer en Cap de l'Ajuntament de Lleida

Saída do Presidente da Deputación de Lleida

Les Comunitats de l'Exterior a Lleida són institucions socials, ambaixades diverses, vives i obertes a la ciutat i que amb els anys s'han anat incorporant, amb nom propi, en l'entramat sociocultural de la capital i el territori de Ponent.

El Centro Galego de Lleida és paradigma d'això i, també, senyal inequívoc de convivència i d'enriquiment, no només per a tots aquells que participen directament de les activitats de la vostra comunitat, sinó per a la resta de ciutadans que compartim, de la mateixa manera que vosaltres, una estima profunda i una admiració per la terra.

He estat diverses vegades amb tots vosaltres i he de dir que, al vostre Centre, em sento com en casa pròpia i espero continuar mantenint aquesta relació i aquests lligams positius, oberts i francs. I, evidentment, perquè aquesta relació ens enriqueix a tots plegats i ens ha d'empènyer a treballar conjuntament per tot allò que estimem i compartim, és a dir, els nostres orígens i, alhora, la nostra –que és la vostra– terra d'acollida.



As Comunidades do Exterior en Lleida son institucións sociais, embaixadas diversas, vivas e abertas á cidade e que cos anos fóronse incorporando, con nome propio, no entramado socio-cultural da capital e no territorio de Ponent.

O Centro Galego de Lleida é paradigma de todo esto e, tamén, sinal inequívoca de convivencia e de enriquecemento, non só para todos aqueles que participan directamente das actividades da vosa comunidade, senón para o resto dos cidadáns que compartimos, da mesma forma que vosoutros, unha estima profunda e unha admiración pola terra.

Estiven en varias ocasións con todos vosoutros e teño que dicir que, no voso Centro, síntome como na casa propia e espero continuar mantendo esta relación e estes lazos de unión positivos, abertos e francos. E evidentemente, porque esta relación enriquecénos a todos xuntos e tennos que empuxar a traballar conxuntamente por todo aquilo que estimamos e compartimos, é dicir, as nosas orixes e, ó mesmo tempo, a nosa -que é a vosa- terra de acollida.

Isidre Gavín i Valls
President de la Diputació de Lleida

Saída do Conselleiro de Emigración da Xunta de Galicia

Amigos e colaboradores do Centro Galego de Lleida:

Desexo, con estas verbas que me solicitades para as vosas páxinas, trasladarvos a miña máis sincera expresión de cariño e de amizade a tódolos que, día a día, desde Lleida traballades e vivides deixando a impronta do bo facer dos galegos. A galegitude, a cultura e ós sesgos identitarios de Galicia sabemos que é gracias a vós que están latexando forte e saudablemente máis aló das nosas fronteiras.

Os galegos, sen dúbida, teñen presente que o son, e séntense como tales, dentro e fóra de Galicia. Aínda máis, lonxe de perderse no abismo que afasta a terra de orixe e a de destino,

os emigrantes e os que quedaron en Galicia crean un novo espacio, un terceiro espacio, que non existe materialmente, pero que é real, e que ten nas revistas dos centros, nas colaboracións cos medios de comunicación dos lugares onde se asentan os emigrantes, e na Rede de redes o seu ámbito natural.

Hoxe en día, a Galicia Universal desenvólvese dentro do que nós chamamos este terceiro ámbito ou terceiro espacio, un mundo de oportunidades e intercambios que, cada día, gaña en calidade e importancia. Temos a ocasión histórica de facer del un sementeiro de ideas e apostas económicas, empresariais, educativas, culturais, políticas e institucionais, para quedarnos coas mellores e facelas medrar, medrando nós con elas, de xeito simultáneo.

Somos un país aberto ó mundo, que conta con colectividades ben vertebradas e revitalizadas, e onde a capacidade de contacto e de interrelación, propias do século XXI, convértennos en pioneiros globalizadores.

Estamos convencidos de que unha destas novas accións que contribuirán aínda máis á dinamización e á proxección do futuro das comunidades galegas será a creación dun portal web para a emigración, concibido como unha magnífica plataforma que eliminará distancias e barreiras.

Non fai falla estar en Ourense, en Pontevedra, en Lugo ou na Coruña para ser galego e exercer de tal. A globalización permítelle a un rapaz ou a unha moza de calquera parte do mundo manter unha amizade cun compañeiro de Santiago ou de Vigo sen moverse da mesa do ordenador, saber cada día o que está a pasar en cada punto de Galicia e participar da vida social e económica da súa terra sen saír da casa.

Na mocidade está o futuro de Europa e o futuro de Galicia. A eles, ós fillos de Galicia, tócalles manter o valor do patrimonio cultural que levaron os seus pais e que mantiveron nos centros e asociacións que fundaron. Esa é unha das nosas grandes riquezas. Mercede ós nosos mozos as expresións artísticas e culturais nidiamente galegas nunca estarán en perigo se eles se ocupan delas. Cos seus proxectos estarán asegurando que o legado galego non só non se perda, senón que sexa valorado e apreciado coma parte da riqueza do mundo moderno.

A vosa revista Xurdimento é un testemuño perenne da memoria histórica de tódolos galegos residentes en Lleida. Nestas páxinas, que serven hoxe de soporte á miña mensaxe afectuosa, vense as ganas de traballar, de facer as cousas ben feitas, de mante-lo pulso constante da cultura e da irmandade dos galegos na sociedade catalana, asumindo as virtudes dunha dobre identidade e ampliando as miras dos vossos descendentes. A entidade convértese, co impulso de mozos e maiores, nun referente para a comunidade galega das terras de Cataluña.

Non quero despedirme sen expresar en voz alta o meu desexo de que as vosas iniciativas culturais sigan adiante e de que teñades sempre presente, nas vosas vidas, a esta terra que é a vosa.



Aurelio Miras Portugal
Conselleiro de Emigración da Xunta de Galicia

Saída do Delegado Territorial do Goberno

És el primer cop que des de la meua responsabilitat actual tinc l'oportunitat d'adreçar-me a la comunitat de gallegues i gallecs de Lleida, i ho faig coneixedor que el vostre és un col·lectiu completament integrat a la societat de Lleida i, per extensió, de Catalunya.

Els nostres pobles tenen unes trajectòries històriques molt marcades, la qual cosa sens dubte es deixa notar en la manera de ser i d'entendre el món de cadascun de nosaltres. El pòsit de la història, sobretot quan és tan específic com en el cas de Galícia i Catalunya, deixa inevitablement una empremta profunda. Encara més si hi ha l'existència d'una llengua pròpia, perquè és sabut que en els països petits la llengua acostuma a tenir un destacat paper vertebrador de la cultura i les relacions socials.

Per això, als gallegos establerts aquí i als lleidatans d'origen ens uneix un profund respecte per les nostres respectives tradicions, per les nostres parles, per la nostra voluntat de ser el que som. Ens reconeixem integrants d'un fet cultural concret i diferenciats, i, des d'aquesta plataforma que és la nostra identitat ens obrim a la resta amb plena voluntat d'harmonia i convivència.

Al Centro Galego de Lleida li hem de reconèixer i agrair la seva tasca constant de comunicació i intercanvi. Amb una labor discreta però tenaç, que és com s'han de dur a terme les relacions amistoses i perdurables entre els pobles, l'acció del Centro Galego ha contribuït a que tots plegats ens hàgim anat coneixent molt millor i compartint cada cop més experiències gratificants. I de la mateixa manera, crec que també és just dir-ho, la societat lleidatana ha sabut exercir amb dignitat com a terra d'acollida. La perspectiva que ens atorga el pas dels anys és la que millor ens mostra aquesta bona sintonia en les dues direccions.

Continueu, doncs, amb la mateixa predisposició a ser cada cop més lleidatans sense deixar ni un àpex de ser gallegos. Aquesta és la fórmula perfecta de relació constructiva entre els pobles.

É a primeira vez que, dende a miña responsabilidade actual, teño a oportunidade de dirixirme á comunidade de galegas e gallegos de Lleida, e fãgoo coñecedor de que o voso é un colectivo completamente integrado na sociedade de Lleida e, por extensión de Cataluña.

Os nosos pobos teñen unhas traxectorias históricas moi marcadas, o que sen dúbida se deixa notar na maneira de ser e de entender o mundo de cadaquen de nós. O poso da historia, sobre todo cando é tan específico como no caso de Galicia e Cataluña, deixa inevitablemente unha pegada profunda. Aínda máis se temos a existencia dunha lingua propia, porque é sabido que nos países pequenos a lingua acostuma a ter un destacado papel vertebrador da cultura e as relacións sociais.

Por eso, ós gallegos establecidos aquí e ós lleidatans de orixe únenos un profundo repeto polas nosas tradicións respectivas, pola nosa fala, pola nosa vontade de ser o que somos. Recoñecémonos integrantes dun feito cultural concreto e diferenciado, e, dende esta plataforma que é a nosa identidade abrímonos ós demais coa plena vontade de harmonía e convivencia.

O Centro Galego de Lleida temos que recoñecerlle e agradecerlle a súa labor constante de comunicación e intercambio. Cunha labor discreta pero tenaz, que é como se deben levar a termo as relacións amistosas e perdurables entre os pobos, a acción do Centro Galego ten contribuído a que todos xuntos nos fóramos coñecendo moito mellor e compartindo cada vez máis experiencias gratificantes. E da mesma forma, coido que tamén é xusto dici-lo a sociedade lleidatana soupo exercer con dignidade como terra de acollida. A perspectiva que nos dá o paso dos anos é a que mellor nos amosa esta boa sintonía nas dúas direccións.

Continuade, pois, coa mesma predisposición para ser cada vegada máis lleidatans sen deixar por un momento de ser gallegos. Esta é a fórmula perfecta de relación constructiva entre os pobos.



Jaume Gilabert i Torruella
Delegat Territorial del Govern

Saída do Subdelegado Territorial do Goberno

Centro Galego: el lugar de encuentro de los que aprecian la cultura galega.

El Centro Galego de Lleida continúa su labor divulgadora de cultura de origen, a través de sus 600 socios, en nuestra ciudad. Fruto de ello son las actividades que lleva a cabo durante el año y que recoge perfectamente su órgano divulgador, la revista Xurdimento.

Entre las actividades cabe recordar la Castañada (magosto), el día Do Polbo, Día das Letras Galegas, la comida de alforja en el campo y la programación de los viajes, este pasado año, Camiño de Santiago, conmemorando el Xacobeo 2004.

El Centro Galego de Lleida forma parte del Consello das Comunidades Galegas, desde donde el pasado año se reivindicó a la Xunta de Galicia la potenciación de las Entidades Gallegas en el Exterior y también es miembro de la Federación de Casas Regionales de Lleida, y junto con ellas, también participa en los diferentes actos que se programan desde esta Entidad en la ciudad.

El Centro Galego de Lleida dispone además del grupo Coral Cengallei, una excelente conjunción de voces que, aporta a Lleida la riqueza folclórica cultural y musical de Galicia, bajo la dirección de su fundadora Rosa González Mahía.

El Centro Gallego de Lleida es, en definitiva, a mi parecer, el altavoz de Galicia en Lleida y el lugar de encuentro de las personas que aprecian la cultura galega.



Centro Galego: o lugar de encontro dos que aprezan a cultura galega.

O Centro Galego de Lleida continúa a súa labor informativa de cultura de oríxen, ó traveso dos seus 600 socios, na nosa cidade. Froito delo son as actividades que leva a cabo perante o ano e que recolle perfectamente o seu órgano divulgador, a revista Xurdimento.

Entre as actividades cabe lembra-la Castañada (magosto), o día do Polbo, o Día das Letras Galegas, o xantar de alforxa no campo e a programación das viaxes, este ano pasado, Camiño de Santiago, conmemorando o Xacobeo 2004.

O Centro Galego de Lleida forma parte do Consello das Comunidades Galegas, dende onde o pasado ano reivindicouse á Xunta de Galicia a potenciación das Entidades Galegas no Exterior, e tamén é membro da Federación de Casas Rexionais de Lleida, e xunto con elas, tamén participa nos diferentes actos que se programan dende esta Entidade na cidade.

O Centro Galego de Lleida dispón ademais do grupo Coral Cengallei, unha excelente conxunción de voces que, aporta a Lleida a riqueza folclórica cultural e musical de Galicia, baixo a dirección da súa fundadora Rosa González Mahía.

O Centro Galego de Lleida é, en definitiva, ó meu parecer, o altofalante de Galicia en Lleida e o lugar de encontro das persoas que aprecian a cultura galega.

José Ángel Flores Blas.
Subdelegado do Goberno en Lleida

Saída do Director Xeral de Emigración da Xunta de Galicia

“Sodes membros dun pobo xigante, vivo e creativo, loitador e con coraxe, fiel ós valores que nos distinguen: os da lealdade, o espírito de traballo e a solidariedade.”

“Os galegos de Lleida, ademais de seren cataláns e galegos, sodes cidadáns do mundo, verdadeiros globalizadores a través dunha identidade participativa non excluínte, de enriquecemento mutuo e de vocación universal.”

Con estas verbas recibía o Presidente de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, ós membros do Centro Galego de Lleida que peregrinaban a Santiago en outubro do Ano Santo de 2004, ó tempo que agradecía a concesión da Insignia de Ouro que recibía, con todo o agarimo, da vosa casa.

Recordo aquelas verbas porque entendo que expresan claramente cómo sentimos os galegos a nosa propia identidade coma pobo, o que somos e onde queremos estar.

Queremos compartir, enriquecernos con todas as culturas coas que convivimos ó longo do mundo, crear espazos de entendemento e de solidariedade cos demais. Así o teñen feito, dende hai séculos, os galegos no exterior e as sociedades e centros creados por eles e así o continúan a facer esas auténticas institucións, coma o Centro Galego de Lleida, tan preto sempre de Galicia e, máis que nunca, cando Galicia o precisou.

Agora, despedindo este esperanzador Ano Santo Xacobeo de 2004, no que tivemos ocasión de compartir o mellor de nós e alentar a nosa galeguidade con encontros tan singulares coma o Día da Galicia Exterior, abrimos as portas a un novo ano de ilusións que nos ofrecerá multitude de oportunidades para continuar crescendo no persoal e coma pobo.

No eido colectivo traballaremos todos polo “xurdimento” de novas vocacións e vías para a participación dos máis novos, dos vosos fillos e netos, nesa tarefa constante de conservación das nosas comunidades, do noso patrimonio cultural e da propia Galicia que, construída por todos, ten carácter universal.

O “Compromiso” deber ser de todos, das institucións públicas de Galicia, dos centros e sociedades galegas no mundo, de todos e cada un de nós.

De seguro que o Centro Galego de Lleida terá un papel activo e notable neste novo xurdimento.

Queda un último saúdo agarimoso para todo o pobo de Lleida e de Cataluña, sempre amigo de Galicia e de tódolos galegos que saben manter sempre as mellores relacións de irmandade cos pobos cos que conviven. Así o fai, cada día, o Centro Galego de Lleida.

Cos mellores desexos para o futuro, recibide unha forte aperta.



Juan Castellano

Director Xeral de Emigración da Xunta de Galicia

Saída do Cardenal Arzobispo de Madrid

Querido Don José y queridos amigos del Centro Gallego de Lérida:

Al llegar las fiestas de la Navidad y a las puertas del Año Nuevo, les envío una vez más estas letras con mis mejores deseos para todos.

Como ya les decía en años anteriores, es para mí un gozo grande constatar el amor a las propias raíces, que es tan común a nuestras buenas gentes de Galicia, y que se reaviva cuando han partido del lugar que les vio nacer. Por añadidura, este amor a nuestras raíces, que es amor a nuestros padres y a cuantos han sabido transmitimos la riqueza que no pasa, la riqueza esencial de la vida, adquiere aún mayor fuerza en estos días, tan llenos de contenido, de la celebración del Nacimiento de Jesucristo, precisamente porque el calor de su Presencia nos llena de alegría y de la esperanza verdaderas. En esta ocasión, además, celebramos la Navidad en Año Santo Compostelano, que significa contar con la protección extraordinaria del Apóstol Santiago, todos los españoles y, lógicamente, de un modo especial todos los gallegos.



Y conviene recordar que el cierre de la Puerta Santa al clausurar este Año no significa que se acabe esa protección. Todo lo contrario. Con la clausura de un Año Santo, se nos da toda esa inmensidad de gracias de Dios acumuladas en este tiempo jubilar, y máxime cuando en el 2005 siguen abiertas las puertas de un Año de la Eucaristía, en todo el mundo, y de la "Inmaculada" especialmente en España, al conmemorar el 150 aniversario de la proclamación de este dogma por el Papa Pío IX. A Ella, a la Virgen María Inmaculada, les encomiendo de corazón, y me encomiendo, para que nos ayude a todos, en estos tiempo que nos toca vivir, "tiempos recios" diría nuestra Santa Teresa de Avila, a vivirlos precisamente como hiciera ella, muy unidos al Señor, con la certeza, según nos dice el Papa Juan Pablo II en su Mensaje para la Jornada de la Paz de este 1 de enero de 2005, de que "al mal sólo se le vence con la abundancia del bien". Así le deseo de corazón a todos los miembros y simpatizantes del Centro y sus familias, y así lo pido a Dios en mis oraciones. ¡Feliz Navidad a todos, y un Año 2005 lleno de bendiciones!

Querido Don José e queridos amigos do Centro Galego de Lleida:

Ó chegar as festas de Nadal e ás portas do Ano Novo, lles mando unha vez máis estas letras cos meus mellores desexos para todos. Como xa lles dicía en anos anteriores, é para mín unha gran alegría constatar o amor ás propias raíces, que é tan común nas nosas boas xentes de Galicia, e que se reaviva cando abandonan o lugar onde naceron. Compre engadir, que este amor ás nosas raíces, é o amor ós nosos pais e a cantos souperon transmitimos a riqueza que non pasa, a riqueza esencial da vida, e gaña forza nestos días, tan cheos de significado, da celebración do Nacemento de Xesucristo, precisamente porque o calor da súa Presencia nos enche de alegría e da esperanza verdadeiras. Nesta ocasión, ademais, celebramos o Nadal no Ano Santo Compostelano, que significa contar coa protección extraordinaria do Apóstol Santiago, tódolos españoles e, lóxicamente, dunha maneira especial tódolos galegos.

E compre recordar que o peche da Porta Santa ó clausurar este Ano non significa que se acabe esa protección. Todo o contrario. Coa clausura dun Ano Santo, se nos da toda esa inmensidade de gracias de Deus acumuladas neste tempo xubilar, e máxime cando no 2005 seguen abertas as portas dun Ano da Eucaristía, en todo o mundo, e da «Inmaculada» especialmente en España, ó conmemorar o 150 aniversario da proclamación deste dogma polo Papa Pío IX. A Ela, á Virxe María Inmaculada, lles encomendo de corazón e me encomendo para que nos axude a todos, nestos tempos que nos tocou vivir, «tempos recios» diría a nosa Santa Teresa de Ávila, a vivilos precisamente como fixera ela, moi unidos ó Señor, coa certeza, según nos dice o Papa Juan Pablo II na súa Mensaxe para a Xornada da Paz deste 1 de xaneiro de 2005, de que «ó mal só se lle vence coa abundancia do ben». Así lles desexo de todo corazón a tódolos membros e simpatizantes do Centro e ás súas familias, e así llo pido a Deus nas miñas oracións. ¡Bo Nadal a todos, e un Ano 2005 cheo de bendicións!

Con todo agarimo e a miña bendición,

+ *Antonio María Rouco Varela*
Cardenal Arzobispo de Madrid

Saída do Bisbe de Lleida

MOCHILA y BORDÓN

Este año ha sido Año Santo de Santiago. De nuevo muchísimos peregrinos, con su mochila y su bordón, se han puesto a caminar desde diferentes puntos de Europa hacia la ciudad del Apóstol. El peregrino suele ser amante de la soledad. Va contemplando monumentos ancestrales, que despiertan su admiración y le recuerdan la fe inquebrantable de los antepasados, y no faltan los momentos para compartir sentimientos y emociones, para explicar la anécdota del día, para enterarse que nuestra España es muy diversa en costumbres y formas de ser. En estas conversaciones se fraguan amistades, se comparten experiencias, se contrastan opiniones y se crea cultura y se produce un enriquecimiento espiritual.

Para captar la belleza de la peregrinación hay que mantener los ojos y el corazón muy abiertos a la belleza de los lugares, a la austeridad que exige sacrificio, a los senderos de peregrinación y a la bondad y hospitalidad de las gentes. La llegada a Santiago siempre resulta impresionante, y la experiencia religiosa inenarrable. Junto a la tumba del Apóstol muere, con una buena «confesión de los pecados», el hombre viejo, de San Pablo, y renace el hombre nuevo, el hijo de Dios, quien le ha traído a Santiago, para que, con el sacrificio del camino, descubra que nuestra vida es un caminar que tiene su origen en Dios Padre y como meta la vida eterna y gozosa con el Padre, el Hijo y el Espíritu Santo. Aquel será el auténtico «Pórtico de la Gloria».

Amigos gallegos de Lleida, también quienes no hemos nacido en tierras gallegas, llevamos al Señor Santiago en nuestro corazón y esperamos de su intercesión ante Dios, una convivencia en paz, prosperidad material y de riqueza de virtudes para todos los habitantes de España.

Que el Señor os bendiga y mantengáis siempre viva la devoción al Santo Apóstol.



Este ano foi Ano Santo de Santiago. De novo moitísimos pelegríns, coa súa mochila e o seu bordón, puxéronse a camiñar dende diferentes puntos de Europa cara a cidade do Apóstolo. O pelegrín acostuma a ser amante da soedade. Vai contemplando monumentos ancestrais, que despertan a súa admiración e lémbra-lle a fe inquebrantable dos seus antergos, e non faltan os momentos para compartir sentementos e emocións, para explica-la anécdota do día, para enterarse de que a nosa España é moi diversa en costumes e formas de ser. Nestas conversas fráguanse amistades, compártense experiencias, constrástanse opinións e créase cultura e prodúcese un enriquecemento espiritual.

Para capta-la beleza da peregrinación hai que te-los ollos e o corazón moi abertos á beleza dos lugares, á austeridade que esixe o sacrificio, ós sendeiros de peregrinación e á bondade e hospitalidade das xentes. A chegada a Santiago, sempre resulta impresionante, e a experiencia relixiosa inenarrable. Xunto ao túmulo do Apóstolo morre, cunha «boa confesión dos pecados», o home vello, de San Pablo, e renace o home novo, o fillo de Deus, quen o trouxo a Santiago, para que, co sacrificio do camiño, descubra que a nosa vida é un camiñar que ten a súa orixe no Deus Pai e ten como meta a vida eterna e gozosa co Pai, o Fillo e o Espírito Santo. Aquel será o auténtico «Pórtico da Gloria».

Amigos galegos de Lleida, tamén os que non nacimos en terras galegas, levamos ó Señor Santiago no noso corazón e agardamos a súa intercesión diante de Deus, unha convivencia en paz, prosperidade material e de riqueza de virtudes para tódolos habitantes de España.

Que o Señor vos bendiga e manteñades sempre viva a devoción ó Santo Apóstolo.

F.Xavier Ciuraneta Aymí.
Bisbe de Lleida

Nova edición da campaña «Entre nós en Galego»

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria organiza unha nova edición da campaña Entre nós, en galego para a que se prevé unha participación de máis de 100.000 alumnos

ACAMPAÑA ENTRE NÓS, EN GALEGO, REPARTIRÁ ESTE CURSO PARA OS CENTROS EDUCATIVOS 232.400 EUROS EN PREMIOS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presentou unha nova edición da Campaña de Normalización Lingüística *Entre Nós, en Galego* que este ano vai repartir un total de 232.400 euros en premios para os centros educativos que colaboren na campaña. As principais novidades da presente edición son a introdución de dúas modalidades *Concurso anuncio para a televisión* e *Concurso anuncio para a radio*, consistente na elaboración de anuncios para estes dous medios. Os anuncios presentaranse en formatos que garantan unha boa calidade de imaxe e de son.

Os anuncios deberán ser inéditos e realizados en galego. A técnica será libre e admitirase, no caso dos anuncios para a televisión, a montaxe de imaxes, debuxos, animación por ordenador ou calquera outro modelo audiovisual que permita a súa emisión na televisión.

Deste xeito na presente edición, que se desenvolverá ao longo do curso 2004/05, a Campaña *Entre Nós, en Galego*, contará con 10 modalidades de participación directa por parte de alumnado e profesorado e tamén contéplase a entrega de premios especiais destinados aos centros de primaria e secundaria que teñan unha participación destacada na campaña. Con estas medidas, a consellería considera que é lóxico contar con aumentar os máis de 100.000

alumnos participantes da convocatoria do curso pasado.

Precisamente, con respecto aos gañadores da última edición da campaña, a consellería elaborou e editou unhas publicacións impresas e audiovisuais nas que se recolle unha escolma dos traballos premiados. Así, nestes días distribuirase a todos os centros educativos non universitarios de Galicia, ás bibliotecas municipais, á consellería de Emigración para que os faga chegar aos centros galegos; aos centros de Castela e León que seguen os programas de estudos en galego e ao centro *Apóstolo Santiago* de Bos Aires unha colección de 6 carteis, correspondentes a alumnos e alumnas premiados na última edición; un CD-Rom dobre que inclúe actuacións das 24 agrupacións musicais finalistas na última edición, doce de educación primaria e doce de secundaria, que se gravou no auditorio *Carme Estévez* de Vilalba no pasado mes de maio; dúas publicacións, unha para primaria e outra para secundaria que compilan as distintas accións levadas a cabo no curso escolar 2003/04; un vídeo e un DVD onde se amosan as intervencións máis destacadas dos concursos e certames do ano pasado e un pequeno libro que recolle as bases desta cuarta convocatoria.

UNHA LEMBRANZA E UNHA INTERACIÓ CO PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Cada lingua, dicía Piñeiro, é unha forma de manifestación do Ser. A nosa casa é, pois, o

galego, lingua que viviu diversas vicisitudes ao longo da súa historia, pero que, pola vontade dos galegos, está no camiño da súa recuperación. O noso é un proceso de reconstrución que require aínda do esforzo de todos os que habitamos esta casa común, e moi especialmente das institucións que teñen entre os seus cometidos lograr a súa plena normalización. De aí a necesidade de presentar á nosa sociedade accións de promoción do uso do galego, como esta campaña, dirixida, especialmente, á comunidade educativa e que se insire no *Plan Xeral de Normalización da lingua galega*, recentemente aprobado no Parlamento de Galicia, por canto trata de fomentar a utilización do galego nas actuacións musicais (medida 2.4.11).

Así mesmo, nesta nova edición instase ao desenvolvemento dunha política activa de creación e de adaptación ao galego de programas audiovisuais destinados ao público mozo. (medida 2.4.17), reflectida nos novos concursos, anteriormente citados, referidos á radio e á televisión.

GRAN PARTICIPACIÓN

A característica definatoria desta campaña que cada ano organiza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística é a alta participación de alumnos coa que adoita contar. Así, nas catro edicións anteriores máis de 250.000 rapaces e rapazas de educación infantil, primaria e secundaria de centros públicos e

En total, os centros educativos con grupos e alumnos seleccionados para as fases provincial e autonómica repartirán un total de 232.400 euros, correspondentes aos preto de 1.500 premios destinados aos centros educativos; aos que haberá que sumarlle outros 1.314 premios para o alumnado participante premiado (194 ordenadores persoais, 82 impresoras, 226 equipos de música, 66 figuras, 42 lotes de libros e 704 discman).

Por **Xosé Sánchez Puga**

privados competiron polos preto de 4.000 premios outorgados neste tempo.

O éxito acadado dende un principio fixo que se foran aumentado tanto as contías económicas dedicadas á Campaña, dende a Administración Educativa, coma as modalidades en que se podía optar aos premios.

Entre Nós, en Galego, comezou no curso 2000/01 convocando aos estudantes e centros educativos a participar en catro modalidades de concurso: publicidade en lingua galega (cartel e lema); relato curto; poesía e experiencias normalizadoras nos centros educativos non universitarios.

A boa acollida desta primeira edición fixo que na seguinte se ampliaran as opcións de concurso introducindo os certames de teatro escolar, recitado de poemas, narración oral de contos e dramatización e o concurso de revistas escolares.

O incremento do interese que espertou novamente a convocatoria fixo que non só se ampliaran de novo as modalidades, incorporando á oferta o concurso musical, senón que se ampliara a cobertura da Campaña aos centros da Comunidade Autónoma de Castela e León que seguen o programa de estudos en galego e tamén como novidade este ano aos estudantes arxentinos que seguen os programas de galego no colexio.

CAMPAÑA 2004/05

As dez modalidades coas que conta a edición 2004/05 son as de publicidade en lingua galega (concurso de cartel e lema); concurso de relato curto; concurso de poesía; certame de recitado de poemas; certame

de contos; certame de teatro; certame de música; concurso de revistas escolares e os novos concurso de anuncios de radio e concurso de anuncios de televisión; destacando tamén os premios especiais á participación dos centros educativos.

Na maioría delas poden participar todos os alumnos de educación infantil, primaria e secundaria que o desexen, salvo algunhas excepcións nas que só poden concursar os alumnos maiores. Así, os concurso de relato curto e o de poesía están reservados para os estudantes de educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria.

O que permanece do mesmo xeito que en anos anteriores é a estruturación das diferentes fases dos concursos. Todas as modalidades contarán cunha primeira fase que se desenvolverá nos propios centros educativos, onde se elixirán aos representantes de cada colexio ou instituto para as seguintes fases.

A segunda etapa ten unha cobertura provincial, de maneira que os representantes dos distintos centros competirán por seren os mellores da provincia. E precisamente os gañadores serán quen participen na derradeira fase, de carácter autonómico, onde os representantes provinciais de cada categoría e modalidade competirán por seren os mellores da Comunidade.

En total, os centros educativos con grupos e alumnos seleccionados para as fases provincial e autonómica repartirán un total de 232.400 euros, correspondentes aos preto de 1.500 premios destinados aos centros educativos; aos que haberá que sumarlle outros 1.314 premios para o alumnado participante premiado (194 ordenadores persoais, 82 impresoras, 226 equi-

pos de música, 66 figuras, 42 lotes de libros e 704 discman).

CAMIÑO ANDADO

A finalidade da Campaña sempre estivo centrada na promoción do uso da lingua galega por parte dos escolares dos centros educativos. Esencialmente, os obxectivos claves veñen sendo conseguir que a sociedade valore o feito de posuír unha lingua propia coma unha riqueza cultural e un patrimonio histórico que é necesario conservar; contribuír a prestixiar a lingua galega, tanto polo seu valor referencial de identidade como por ser o principal elemento de comunicación, e impulsar o uso da lingua galega nas comunidades escolares.

Deste xeito, a celebración destes certames contribúe a consolidar o proceso de normalización lingüística ao tempo que dinamiza a vida cultural dos centros educativos de Galicia, mellora a valoración da lingua galega coma mecanismo de expresión literaria e coloquial e incentiva a creación de grupos de traballo escolares en lingua galega.

Hoxe en día, despois de ter celebrado 4 edicións da Campaña *Entre Nós, en Galego*, pódese dicir que as actividades propostas contribuíron a dinamizar gran parte da vida dos centros, a mobilizar a alumnos, pais e profesores e en suma, a crear un estado de ánimo favorable ao uso da lingua galega. Serviron, asemade, para constatar que o Sistema Educativo galego conta con recursos humanos extraordinarios, reveláronse auténticos artistas tanto na plástica como no enxeño, na creación literaria, no xornalismo ou na representación dramática, tal e como o evidencia a calidade dos traballos que se veñen presentando.



Vacacións para lembrar

O matrimonio MANUEL CASTRO ESTÉVEZ e ROSA MARÍA SERRA CASALS, foron os agraciados, este curso pasado, co programa patrocinado pola Xunta de Galicia, que leva o título que arriba indicamos, na Residencia de Tempo Libre en Panxón (Pontevedra); un lugar moi agarimado á veiriña do mar. Manolo, que é así como quere que lle chamen, naceu en Guillarey-Tuy e a súa dona, Rosa María, en Lleida. Tivemos unha conversa moi animada con eles e facemos aquí unha breve exposición de canto nos contaron.

O señor Castro comezou a súa andaina e vida de emigrante o ano 1954, cando se desprazou cos seus pais e seus irmáns á provincia de Lleida, onde quedou asentada a familia. No ano 1966 casou con Rosa María, coa que tivo 3 fillos. Os últimos anos da súa vida laboral empregounos no traballo do mar, enrolado, excepto os períodos de descanso que lle permitía ese traballo, e namentres a súa dona coidaba da casa e de

que os seus fillos estudiaran e se desenvolveran con éxito.

O inicio da viaxe a Galicia comezou o día 17 de outubro, na área de servizo de Lleida, na Autopista, onde se acoplaron ó resto dos pasaxeiros que viñan dende Barcelona. Logo de presentárense, a azafata e os dous conductores que se encargaron en todo momento de que a viaxe fora o máis cómoda posible, deseguida entablaron conversa e relación con algúns viaxeiros, especialmente con dous matrimonios que viñan de L'Hospitalet de Llobregat, e cos que aínda hoxe seguen mantendo moi boa relación.

A chegada a Panxón foi sobre as dez e cuarto da noite, dese mesmo día 17, onde lle serviron unha cea en frío, aloxándose nas dependencias asignadas. Ó día seguinte foron saludados e recibidos polo Director da Residencia quen lles deu a benvida e indicoulles as guías que estarían ó seu servizo para todo o que precisaran; neste caso a eles

correspondeulles a señorita Carmen e o señor Juan, que estiveron sempre atentos a calquera das súas preguntas e tentando de solucionarlle-las dúbidas ou consultas que lles fixeron.

Da súa hospedaxe nese centro teñen a impresión dunha moi boa estancia, sendo atendidos sempre con especial amabilidade por parte de tódolos compoñentes do servizo. E no tocante á comida, en xeral todo moi bo.

O tempo estivo como era de prever para estas datas. Nun principio, é dicir, os tres primeiros días algo de chuvia, e o resto tempo de outono, como a época.

Da oferta de excursións programadas temos que destaca-la visita á illa da Toxa e o paseo en Catamarán, pola ría de Arousa, onde puideron degustar os saborosos mexilóns regados con viño da terra. Tamén estiveron no Monte Ferro, na Praia América e nas localidades de Noia, Muros e visitaron o famosísimo hórreo de Carnota. Despois achegáronse á Costa da Morte, Fisterra, Muxía... e Vigo coa subida ó Monte do Castro para contempla-la ría dende o alto, así como a visita á fábrica de conservas Miau.

Outras cousas salientables e de lecer foron o "baile da Flor", do primeiro día, coa finalidade de entablar amizade e coñecemento entre todos. Tamén se xogou ó bingo, a lectura e a práctica de traballos manuais foron algúns dos entretencementos dos que puideron practicar. O mesmo día 24 desprazáronse ó estadio de Balaídos para contempla-lo partido entre o Celta e o Málaga-B, onde foron recibidos pola Xunta Directiva que

Temos que destaca-la visita á illa da Toxa e o paseo en Catamarán pola ría de Arousa, onde puideron degustar os saborosos mexilóns regados con viño da terra.

Outras cousas salientables e de lecer foron o "baile da Flor", do primeiro día, coa finalidade de entablar amizade e coñecemento entre todos. Tamén se xogou ó bingo, a lectura e a práctica de traballos manuais foron algúns dos entretencementos dos que puideron practicar.





os agasallou cunha bufanda do Clube e o seu pin correspondente.

Ese mesmo ano, 1926, publica o seu primeiro artigo xornalístico en «A Aldea galega», de Vigo. Tiña dezanove anos. No seguinte aparece a súa primeira colaboración na revista «Nós», cuxa redacción estaba sita na casa de Vicente Risco. Por aquel entón, os irmáns Xurxo e Xaquín Lorenzo estudiaban na universidade de Santiago. E eran vixiados con lupa por profesores universitarios afectos ó Réxime. O seu galeguismo, ó igual que o dos demais membros do Seminario de Estudos Galegos, amola (Xocas fora fundador do Partido Galeguista, alá por 1930, cos de sempre: Risco, Otero, Cuevillas... Dician que a cultura era a base da recuperación política de Galicia. En 1936



será disolvido este partido político polo franquismo). Nesta pugna por galeguiza-lo ensino, por acusar ós profesores universitarios desinteresados polos problemas dos seus alumnos, estaban os Lorenzo, cando, seguindo o consello doutros profesores máis afíns, matricúlase por libre na universidade de Zaragoza, facultade de Filosofía e Letras. De triste lembranza será esta cidade para Xocas, porque o 3 de abril de 1934, pouco despois da súa chegada, morre seu irmán Xurxo dunha septicemia, unha infección no brazo. Tiña vinte e catro anos. Xaquín licenciárase en Zaragoza en Filosofía e Letras. En outubro torna a Santiago e pasa a ser nomeado «conselleiro permanente» do Seminario de Estudos Galegos.

Desde 1942 é colaborador do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense «Marcelo Macías», e do seu Boletín, cuxo nº 1 sae en 1943. Por certo, en 1971 a publicación do museo pasa a denominarse «Boletín Auriense» (segue publicándose hoxe en día), e Xaquín estará encargado da súa sección de Etno-


Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo serán fundamentais na formación de Xaquín.

Florentino Cuevillas viu un carro de bois a escala que tallou Xocas, deulle un par de libros e díxolle: «Con todo isto, faga vostede un estudio sobre o carro». Así empezou Xocas a estudar etnografía.

Os irmáns Xurxo e Xaquín Lorenzo eran vixiados con lupa por profesores universitarios afectos ó réxime franquista cando estudaban na Universidade de Santiago, a causa da súa posición de galeguizar o ensino.

Xaquín foi xulgado polo Xulgado de Responsabilidades Políticas de Ourense ó acabar a guerra civil por ter formado parte do Seminario de Estudos Galegos, tendo ó seu favor ser católico practicante, e lle impuxeron unha multa de 35.000 pesetas

Por Amadeo Cobas



No 1927, Xocas publica o seu segundo artigo na prensa, e o fai na revista Nós

grafía. A partir de 1982 será o seu presidente.

Trala constitución do instituto Pai Sarmiento de Estudos Galegos, que viña substituír ó Seminario de Estudos Galegos, Xocas colabora nel con Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, publicando en castelán. Eran outros tempos. De feito, en 1947 estrearase a publicación «Cadernos de Estudos Galegos».

En 1963 morre dona Joaquina, a súa nai. Este mesmo ano morre o seu amigo Vicente Risco. Cinco anos antes falecera outro amigo fundamental, Florentino Cuevillas.

En 1983 recibe unha alegría, dado que é elixido membro do reconstituído Seminario de Estudos Galegos. Tres anos mais tarde viaxa á Arxentina en compañía da coral «Dá Ruada». Emociónase en Bos Aires, ó lembra-lo que tivo que pasar Castelao naquel país, onde pereceu aledado da súa amada Galicia.

O 18 de xullo de 1989 morreu Xaquín Lorenzo

Fernández. Tiña oitenta e dous anos.

A SÚA PARTICIPACIÓN NA GUERRA CIVIL

Ó pouco de intervir na guerra civil, en Villablino (León) recibe un balazo no pescozo que lle deixará secuelas ata a fin dos seus días. Cando o transportan os compañeiros cara á enferme-

ría, como etnógrafo e arqueólogo que é, e malia a ferida que recibiu, aínda ten tempo de ollar ó chan e comprobar que o monte no que loitan é un castro...


Hai que precisar que na guerra combate cos nacionais porque lle cadra estar nese lado no momento de estala-lo conflito. Xocas ten tanto interese en mata-lo inimigo que empéñase en disparar... contra os niños de procesionaria dos piñeiros.

Ó acabar a guerra chega a rendición de contas. En abril de 1941 é emprazado para que en cinco días compareza ante o Xulgado Instructor Provincial de Responsabilidades Políticas de Ourense. Acode sabendo que máis de 75 socios do Seminario de Estudos Galegos foron asasinados, sufriron represalias ou o exilio, como Castelao. O Xulgado non é moi severo con el (don Xaquín tiña ó seu favor ser católico practicante): imponse unha multa de 35.000 pesetas. ¿Semella pouco? Cando foi nomeado profesor interino de Xeografía e Historia no instituto de ensino medio de Ourense, para o curso 39-40, o seu soldo é de 5.000 pesetas... ó ano.



Xaquín Lorenzo, por Siro (1981)

En 1983, Xocas recibe unha alegría, dado que é elixido membro do reconstituído Seminario de Estudos Galegos



"Die Bremse am galizischen Wagen" (1939)

Un balance jacobeo

Ahora mismo, cuando concluya el primer Año Santo y Jacobeo de Compostela en el nuevo siglo del tercer milenio, próximo ya el expresivo cierre de la Puerta de los Perdones, la que simboliza el jubileo secular y que es conocida como «Santa», ya no resulta fácil decir algo nuevo de Compostela, la villa que nació al amparo de un sepulcro a partir del IX siglo, la ciudad que creció en torno a él y gracias a su paulatino atractivo y fama. Ni rebuscando palabras, ni penetrando en secretos desvelados o desconocidos, ni ensayando nuevos conceptos. Es dificultad que gravita sobre lo que siendo temporal ha adquirido esa singular categoría de lo eterno. Es la conversión de lo transitorio, con sus antiguos estilos y sus posteriores conservaciones o remodelaciones, en intemporal y uno se lo escucha a peregrinos y visitantes cuando por los alrededores de la catedral o por las plazas y rúas de laberinto, dicen: aquí parece que el tiempo se haya detenido y uno mismo tiende a pensar que ni los escepticismos o insidias de algunos, acaso célebres por ese prestigio personal que se atribuyeron y al que cuidaron o por el que les otorgaron algunos colegas, resguardados siempre en la ciencia practicada o en inconcretos barnices del saber o del imaginar, supuestamente provechoso, han podido nada contra la pétreo fortaleza de una urbe nacida y crecida al amparo de una tradición que guarda y cultiva. Porque no ha resultado posible abatir un sentido y un significado que fueron y son símbolos válidos, que son como un milagro perenne y firme en el tiempo.

Acaso todo eso es Compostela desde su origen medieval y a lo largo de su permanencia en el tiempo y todo eso debe ser

para la Galicia de hoy y del mañana. Sin Santiago y su sepulcro, sin la mística y la aventura, sin la solidez y el retorno, sin la ternura y la firmeza, sin el sacrificio y la valentía callada del peregrinaje, sería imposible la Galicia de los caminos y la Galicia de los gallegos.

Quien desde su estética personal, llamó a Compostela bosque de piedra acertó a adivinar algo muy característico del alma gallega, que tiene mucho de espíritu de bosque y de granítica dureza, tupida en su difícil visibilidad y, a la vez, reciamente arraigada en unas raíces seculares. Quien dijo, como Paul Claudel, que es el punto de cita de todos los pueblos, acertó al contemplarla como destino de miradas y de rutas, en hacerla anhelo de esperanzas, en considerarla como luz estelar para una unión de Europa desde los ya antiguos fundamentos comunes de unos pueblos. Quien se atrevió, como Américo Castro, a hablar de pasividad receptiva, no desvirtuó el empeño ni la ambición de los gallegos, que aprendieron a movilizarse desde aquella inmovilidad bien experimentada de los siglos IX al XV, cuando recibieron atónitos la llegada ante su Apóstol de reyes y

de campesinos, de santos y pecadores, de magnates y pordioseros, de pícaros y de preladados, de reos y de mercaderes, de trovadores y de guerreros.

Pero, en esta hora sincrónica de los balances, no perseguimos una revisión ni buscamos nuevos modos de expresión para un fenómeno religioso y cultural que, con altibajos históricos innegables, atravesó los tiempos. Siendo tanta la grandeza y tan abundantes los motivos, vengamos con todo a nuestros días y escuchémoslos en los mensajes que emergen en nuestro tiempo y para nosotros. Porque desde la permanencia de la novedad, siempre antigua y siempre por descubrir, conscientes de conocer cada día más y mejor la historia y sus episodios, adivinamos vagamente clamores y advertencias para las trayectorias emprendidas en el ayer y en el hoy, que pretenden ahondar y serenar los motivos o, por el contrario menoscabar y despreciar motivaciones.

Allá en la cúspide de la torre Berenguela, o del reloj de la catedral compostelana, la estática farola de los colores identificativos, hoy desaparecidos, por la suplantación de los vidrios, que luce en los años jubilares, como si fuera la última estrella cercana y visible de un cami-

Quien desde su estética personal, llamó a Compostela bosque de piedra acertó a adivinar algo muy característico del alma gallega, que tiene mucho de espíritu de bosque y de granítica dureza, tupida en su difícil visibilidad y, a la vez, reciamente arraigada en unas raíces seculares.



Cidade de Santiago coa catedral ó fondo

La inquieta
paciencia
de los peregrinos que, uno
tras otro
aguardan para
entrar en la
basílica de
Compostela
por la Puerta
simbolizadora
de los
perdones
jubilares, la
atrayente y
celebrada
Puerta
Santa,
ofrece una
imagen
persistente y
elocuente de
que ya no es el
tiempo lo que
importa.



Por Federico Pomar
de la Iglesia

no natural y celeste, que los hombres de antaño entendieron como aviso lumínico de orientación, sacralizando a la «Vía láctea» como celestial senda jacobea, sigue brillando. Es el faro que guía desde ese barroco exultante, anticipador del natural Finisterre mágico y mítico, y que señala el lugar donde está esculpida la lección de la «gloria» en el pórtico de Mateo o que avisa a quienes miren desde el monte del Gozo de donde está el fin del principio o el principio del fin, en donde acaba o comienza la vida del simbólico peregrinaje, tal y como complementa la tan cercana «cruz dos farrapos», con su tramatúrgica función renovadora por la quema de los viejos ropajes del término del camino.

Si, todavía queda luz, pero falta el latido. La voz de los bronces, acallados por la ruptura del tiempo, aunque resuenan por entre los vericuetos de piedra, y las horas que, calmosas y solemnes, marcaban el ritmo de una vida comedida, ni apresurada ni retardada, ya no miden ni subyugan como antes, pese a que sigan convocando, con periódica y justa insistencia, desde las torres catedralicias. La impureza de las prisas y la celeridad de los desplazamientos impiden o, cuando menos, obstaculizan la serenidad necesaria de los espíritus, incapaces de liberarse plenamente de las presiones que comprimen al tiempo o lo aceleran. Es la creciente y contagiosa superficialidad la que obstaculiza los calados esenciales o el compulsivo vértigo que imposibilita el ahondar en la experiencia.

La inquieta paciencia de los peregrinos que, uno tras otro aguardan para entrar en la basílica de Compostela por la Puerta simbolizadora de los perdones jubilares, la atrayente y celebrada Puerta Santa, ofrece una imagen persistente y elocuente de que ya no es el tiempo lo que importa. Se ha quedado atado a las jornadas del Camino, marcadas por las huellas y las estrellas, tierra y cielo de la peregrinación. Ahora, cuando la duración del instante ya no es relevante, de lo que se trata es del encuentro con Santiago, y ésta es la lección aprendida tras las jornadas y las esperas, después de los cansancios con sus cien maneras. Ahora hay que consu-

mar los ritos propios de la meta, y después del paso previo por las jambas laterales de la apertura angosta entre los ábsides de las aperturas radiales, la visita y el abrazo, y ese continuar la tradición de colocar los dedos en las oquedades de la columna marmórea del parteluz del Pórtico. Ahora es el momento, largo o corto y según las afluencias de otros prójimos, de establecer los contactos populares, de sentir las contricciones, recitar las oraciones y formular las peticiones que impulsaron al viaje.

Acumulados testimonios cotidianos, anónimos pero visibles Computarizadas presencias, por aproximación o cálculo Filas incontables de caminantes por las calzadas. Vivencias varias en múltiples sentires. Oleadas de gentes llegando a Compostela cada día. Asombros y devociones muy diversos, que se quedaron inéditos. y ¿quién lo sabe? , páginas y páginas de un debe y de un haber que no han sido

escritas para ser legibles, constituyen los datos ignotos de una contabilidad inasequible.

Urge conservar la voz de las campanas de las torres de Santiago y hacer oír la llamada del tiempo, sin que su metálico son se quede en convocatoria de ceremonias puntuales ni, más severamente y por cuanto respecta a su gran campana horaria, para dar general medida de su transcurrir. Urge que sus sonidos continúen como un insistente aldabonazo a Galicia toda, a España entera, a una Europa del porvenir y no del pasado, a las otrora lejanas tierras de allende los mares, aun mundo que precisa reemprender el camino de la esperanza por las rutas consabidas, siempre nuevas desde su vetustez, en las que la convivencia se hizo armonía y el compartir hizo fraternal a lo solidario. Las campanas, todas ellas, son siempre voces que llaman a despertar, a ponerse en el camino que no se agota, que nunca remata.



A catedral de Santiago

Guillermo Carnero.

Poemas Arqueológicos. León, Cuadernos del Norte 2003.

Si *Verano Inglés* (1999) premio Nacional de Poesía y Premio de la Crítica 2000 y *Espejo de gran niebla* (2002) vislumbraban un nuevo camino en la trayectoria del poeta valenciano y todavía «novísimo» Guillermo Carnero; *Poemas arqueológicos*, una colección brevísima, siete poemas inéditos, publicados por Cuadernos del Norte en edición limitada (cuatrocientos ejemplares numerados a mano), atesora el dulce equilibrio de lo viejo y lo nuevo.

Un tinte entre nostálgico y melancólico, a veces inédito e incluso cercano a la desolación, surge en los textos líricos de títulos quizá «extravagantes» quizá «arqueológicos» mientras la mirada del poeta parece trazar un final: *Esta noche ha nevado y hace frío, / el agua corre, repitiendo / una interrogación ya sin pregunta. / Más allá del jardín hay hambre y lodo, / y se cubren de cuervos las fronteras.*

Ha sido profesor de las Universidades de Berkeley (California) Virginia-Charlottesville (Virginia) y Harvard (Massachusetts) y director de la revista *Anales de Literatura Española*. Miembro del Centro Español de Estudios del S.XVIII, de la American Society for XVIIIth Century Studies, de la Société Française d'Étude du XVIIIe. Siècle, de la Asociación Internacional de Dieciochistas. Miembro del Centre de Recherches sur les origines de L'Espagne Contemporaine, de la Universidad de Paris III. Miembro del consejo editorial de las revistas *Hispanic Review* (Universidad de Pennsylvania), *Ínsula* (Madrid) y *Dieciocho* (Universidad de Virginia). Coordinador para los siglos XVIII y XIX de la *Historia de la Literatura Española* fundada por Ramón Menéndez Pidal y dirigida por Víctor García de la Concha.

Vocal del consejo asesor de la Fundación Juan March, director de la colección de textos "Clásicos Taurus". Especialista en Literatura española y comparada de los siglos

XVIII y XIX, y en movimientos de vanguardia del siglo XX.

Su obra poética ha sido traducida al alemán, búlgaro, checo, francés, holandés, inglés, italiano y portugués. Ha recibido los premios *Nacional de Poesía* y *Nacional de la Crítica* y *Premio de la Crítica Literaria Valenciana* por el conjunto de su obra y en el año 2002 el *Premio Fastenrath* de la Real Academia Española.

Si en momentos anteriores el autor se sentía cautivado por el clasicismo, el culturalismo, el arte y se cuestionaba los grandes universales del sentimiento (amor, muerte, paso del tiempo) desde una perspectiva postmoderna de desencanto, en *Poemas arqueológicos* todo ello volverá a cobrar forma, aunque, eso sí, ahora el núcleo temático de la colección poemática se centrará en la proximidad de la muerte y en una asfixiante conciencia de finitud. Como una espiral estrecha y envolvente las obsesiones del poeta avanzarán de modo circular sin dar ya tregua al yo lírico. El enfrentamiento entre razón- emoción, arte-vida, realidad-ilusión o autoengaño, concluirán con la más dura de las certezas: el dictado de la implacable muerte. En *Verano*

inglés la postura del hombre cansado que se halla en el fin de su andadura, surgía tras unos versos de elevado contenido erótico y sensual donde el juego del amor acariciaba el último de los cuerpos cálidos: *Me gusta contemplarte al salir de la ducha, / como a Susana los ancianos bíblicos. / Por la puerta entornada te acecho cuando envuelves / en la toalla el muslo o el tobillo, / el pecho rebosante tras la línea del brazo: («El poema no escrito»).*

Este nuevo poemario se nutre de recuerdos, el juego amoroso ha sido enterrado en el devenir de los años la intensa reflexión que el poeta ha sometido al proceso creativo carece, en la última estación, de importancia.

Al igual que el arqueólogo, Carnero halla y recompone las piezas de su meditación, de su camino como hombre y como poeta y hace balance. Desafortunadamente todo ello le conduce a los desoladores versos finales con los concluye el último de sus poemarios: *Pero la soledad, la cobardía, / la sordidez, mezclaban mis colores,» / coronada de pámpanos y rosas, / la muerte me tendía los pinceles. ("Vejez de Juan Bautista Tiépolo").*



Por Marisa Torres Badía

Este nuevo poemario de Guillermo Carnero, *Verano inglés*, se nutre de recuerdos, el juego amoroso ha sido enterrado en el devenir de los años la intensa reflexión que el poeta ha sometido al proceso creativo carece, en la última estación, de importancia.

Mitos e lendas da parroquia de Sela

(2ª parte) Continuación da primeira parte que apareceu publicada no nº 17 da revista "Xurdimento".

7.- A MISTERIOSA LUS DO CREBADOURO.

Moi extendida esta lenda a principios da segunda metade do pasado século sobre todo entre os veciños do Eido de Abaixo e daqueles que na media noite pasaban a pé pola Revolta do Portafeito, que aseguraban ter visto de maneira insistente unha lus moi brillante á altura do lugar do Crebadoiro. A curiosidade estriba no feito de non haber causa para que naquela hora andivese ninguén polo eiral, pois nin era época de rega nin de caza do tourón. Algún ousado atreveuse a ir ata a Regadoura, coa idea de descubrir de qué se trataba. Canto máis se ía achegando, a lus máis se ía separando, ata recuar e porse detrás do aventureiro buscador. Este aterrorizado e escoitando cánticos que parecían de enterro desandou do sitio batendo cos pes no cu coa presa e co medo. Algún máis afoutado botou tempo nunha noite achegándose moi despacio e escondéndose ós poucos para facer a investigación de máis preto e descubrir a procedencia de tal luminosidade obtendo como resultado unha sarta de paus polo lombo e quedar atado toda a noite contra unha meda de palla sen poder dar explicacións ó día seguinte de quen fora o causante de tal tunda e apreixamento. Levaban as culpas as Xans e o Tardo, atribuíndolle a lus ser emitida polas Xans en peregrinación polo Crebadoiro por ser algún dos pelegríns

antergo propietario de terras no lugar. Fai anos que xan non se ve a lus e que quedou esquecido tal misterio.

9.- OCOTO DO FACHO.

Lugar mítico orientado cara o Leste da parroquia, limítrofe con Barcela e debaixo do posible asentamento prehistórico do Coto da Moura. Sempre se falou do lugar coma misterioso e lendario sen saber moi ben as causas. Atribúeselle que por alí as guerrillas do Abade do Couto mallaron nos franceses na Guerra da Independencia, estratexicamente situados os viciños nunha intervención guerrilleira sen precedentes na zona, dende que os irmandiños se bateran en Setados un par de centos de anos atrás. En realidade o lugar tal e como indica o seu nome foi e serviu de punto de vixía entre os habitantes castrexos para se comunicaren entre si, con fachos de lume para dar aviso de perigos ou dar noticias. Perto atópanse tamén o Coto da Moura, A Croa, A Cividade e outros Castros en

frente de Portugal, que indican polo nome, a existencia de vida prehistórica.

10.- O MARCO DE VIDE.

Lendario no lugar o monte con piñeiros e nos últimos anos invadido por eucaliptos. Fai linde entre as parroquias de Sela e Vide, e ao mesmo tempo entre os Concellos de Arbo e As Neves. Ata que proliferaron os autos particulares, só pasaban polo lugar o coche do peixe, o do Cachafeiro nos días 6 e 20 para a feira da Cañiza e o coche le linea da "Empresa Ojea", unha vez pola mañán e outra pola noite. Fora de ahí tiñase que pasar polo lugar sempre a pé. Si era noite, estando escuro e tenebroso o camiño do muiño de panchóns, sempre con medo pois no lugar habitaban almas en pena que se xuntaban de noite na faldra do monte San Martiño e facían procesión de defuntos e asustaban ós viandantes. Quen vira os mortos en tal estado debería rodearse en círculo para protexerse da súa ollada e impedir que o que transportaba o hisopo da auga

Ata que proliferaron os autos particulares, só pasaban polo lugar o coche do peixe, o do Cachafeiro nos días 6 e 20 para a feira da Cañiza e o coche le linea da "Empresa Ojea", unha vez pola mañán e outra pola noite. Fora de ahí tiñase que pasar polo lugar sempre a pé.



bendita llo entregase para marcalo como próximo defunto.

Na realidade o sitio era máis peligroso por ser, antes da construción da estrada, camiño fondo onde campaban ladróns e maleantes que asaltaban ós camiñantes e sacábanlle os cartos que levaban para mercar peixe nas Neves. Non é de extrañar que así sexa, pois no medievo o lugar era coñecido como San Martiño de Ladróns, que parece ser estaba situado ó carón do mosteiro do mesmo nome, un pouco máis arriba, no camiño da Franqueira, moi perto de por onde pasara a raíña de Portugal Santa Isabel, esposa do rei trobador Don Dinís a gañar o Xubileo Compostelano.

11.- AS AUGAS DE SAN MARTÍN DE SELA.

Nos derradeiros anos do século XIX e nos primeiros do XX, na Ribeira do Porto, un emprendedor home apelidado Barreiro tivo a feliz idea de aproveitar un manantial de augas medicinais para engarrafar e comezar así a súa produción industrial. O incipiente negocio e sobre todo a ilusión do empresario comezou a ser coñecido en toda Galicia, onde se distribuían as augas. A intención era acadar o mercado

nacional que pouco a pouco se foi conseguindo xa que nunha etiqueta de mil novecentos seis di, dun lugar de Madrid onde se comercializa a "Auga de San Martín de Sela".

Tal auxe empresarial fixo, segundo a lenda, que chegase a ouvidos do Señor Peinador propietario das Augas de Mondariz, quen mandou dinamitar o manantial de Sela para así evitar a competencia. ¿Qué hai de certo nisto? A noticia foise transmitindo en Sela de pais a fillos e cóntase como certa e si o é, xa non é lenda. ¿Ousi?.

12.- O CRUCEIRO DA GUARDESA.

Non é moi deado atopar cruceiros nos montes. Neste caso levantaron unha crus de pedra para recordar ó camiñante ou ós veciños que camiño do monte pasaba polo lugar da morte dun rapaz novo, machicado pola roda dun caro e as patas dos bois, debido a que esbarou e meteuse debaixo dun carro cargado de toxos.


12.- A SANTA GUERREIRA.

A Santa da Guerreira é un coto con forma de muller ubicado moi perto de San Martiño. A súa figura e a imaxinación

dalgúns veciños levaron a dicir que si era a imaxe dunha santa que se aparecera no lugar, que si se trataba dunha muller que axudou nalgunha guerra... Eu inclínome a pensar que se trata dun marco moi antergo de sinalización ou demarcación de territorios.

Posiblemente queden máis *mitos e lendas* por contar. Tal vez se siga investigando na memoria popular me atope con máis, ou se me presenten algunhas das que contei aquí con outra forma ou contadas doutra maneira, ou variadas na súa forma. Pois cada persoa imprímelle ás lendas un matiz propio e diferenciado dos demais. Ahí está a riqueza desta terra, na multiformidade individualizada a cada detalle. Cada lenda pois, é nacida dun feito e criada e modelada polos distintos axentes que ó longo da historia a puliron, a trataron e a adoptaron. En Sela, non podía ser doutra maneira, e por iso convírtenos tamén nun pobo rico en cultura tradicional, nun pobo con historia milenaria e con lenda propia, aportando deste xeito, unha pequena contribución ó conglomerado lexendario deste país do finisterre.

A Santa da Guerreira é un coto con forma de muller ubicado moi perto de San Martiño. A súa figura e a imaxinación dalgúns veciños levaron a dicir que si era a imaxe dunha santa que se aparecera no lugar, que si se trataba dunha muller que axudou nalgunha guerra...



Por Agapito Valado de Sela

O Cartucho



O Cartucho foi un dos cans máis simpáticos e carismáticos que se coñeceron no lugar. Mesmo se falaba del e aínda se recordaba coma se fose unha persoa. Fálase do Cartucho como se fala de José de Pluma, de don Cosme, o cura, ou de Claudino López, o taberneiro que vendía pisamajuzas ademais de outros artigos ultramarinos en exclusiva.



Por **Agapito Valado**
Fdez. de Sela.

-¡Mal raio parta o can! Volve aquí Cartucho. Solta a corvina que é o que temos para xantar.

Aquela mañanciña, cando a Señora Balbina foi coller o balde onde demollaba a corvina que tiña para a comida do mediodía, atopouse co descolorido peixe na boca do Cartucho e o balde coa auga verquida dando rolos polo chan. O animal, en apurada carreira, non corría, casi voaba sen voltar a cabeza e sin soltar a corvina, escapando dos rachoazos de carballo que lle fungaban polas orellas.

O Cartucho foi un dos cans máis simpáticos e carismáticos que se coñeceron no lugar. Mesmo se falaba del e aínda se recordaba coma se fose unha persoa. Fálase do Cartucho como se fala de José de Pluma, de don Cosme, o cura, ou de Claudino López, o taberneiro que vendía pisamajuzas ademais de outros artigos ultramarinos en exclusiva.

Cartucho era un can mansiño e xoguetón, larpeiro e folgazán, medio artista e tamén un pouco boricán. Pequerrecho, a manchas brancas e negras, coas orellas caídas tapándolle os laterais duna cara onde se debuxaba unha boca que aparentaba tristura. Non se sabía de que raza podía ser.

- É un pallerio atravesado cunha raza traída da Soaxe— dicía José de Pluma — o can, *cannis* posúe reminiscencias co can tradicional portugués da corte do rei travador Don Denís.

Os máis bromistas dábaselles por dicir, de mala fe ou fastidiar, a quen quería identificar a raza do can, que Cartucho procedía dun cruce entre unha cadela xa vella que tivera don Cándido e un tourón, e que o tourón cubrira a cadela cando esta perseguía ó papador de cocos e millo unha noite de vran. Ó verse acorralado o tourón contra un tobal coa entrada pechada, decidiu votarlle a pelea á cadela que andaba “saída” e no contacto, entre

refregas e mordeduras consumaron o acto sexual co resultado do animal do que estamos a falar.

Cartucho pasaba o tempo deambulando pola carretera, as máis das veces deitándose ó sol fronte á taberna de don Cándido ou metido entre os clientes espantando as moscas, co rabo ou cas orellas, e xogando á pelota cos rapaces cando estes organizaban partidos en plena carretera, pois poucos coches pasaban.

- ¡És un magnífico cancerbero! — dicía o fillo dun garda civil de Málaga algo máis espabilado cos outros rapaces e que coleccionaba cromos de futbolistas que seu pai lle traía de Vigo.

Polas tardes, Cartucho, acompañaba á súa dona nos paseos á fonte facéndolle garda ós baldes de auga que a vella acarrexaba. Ó lado da vellota, mostrábase interesante, parecía un can serio e gardián, incluso semellaba que estiraba o pescozo para darse máis importancia aínda.

Pola noite ía á taberna coma os mozos e os homes, e mentres estes xogaban á brisca de seis, el deitábase ó seu carón ou movíaselle entre as pernas deles para sentir calor.

Unha desas noites, despois duna longa partida de brisca, na que os xogadores xa se aborrecían de xogar, de beber e de fumar, molestos porque o can lles merodeaba entre as pernas, ocurriúselles darlle a probar o resto das copas de augardente de herbas que consumían. Cartucho bebeu e relambeu os fuciños pola dozura do licor, aproveitando incluso as pingueiras caídas no chan. Os poucos minutos cruzaba as pernas, andaba para adiante e para atrás, sigado ou de lado. Chegou incluso a porse de pé para imitar ó Pepe da Balbina e beilar e palmorear para caír ó pouco, redondo no chan e quedar profundamente dormido e roncando. Levárono para a casa da súa dona

ó lombo, collido polas patas de atrás, coa cabeza nas costas de quen o alombaba e zapateárono dentro dun cortello onde durmía o porco. Ó día seguinte bebía, ós poucos, nos charcos de auga que se formaran na carretera pola chuvia, pola resaca que pillara.

Convertírase, cos anos, nun especialista en perseguir gatos, chegando a subir incluso por algunha videira detrás deles, aínda que despois non sabía como baixar e ladraba seguido para que alguén que pasara polo camiño lle axudara. Pero... a súa especialidade era fuxir con postas de corvina ou talladas de touciño dos baldes onde demollaban sin que se enterasen os donos. Para iso era capaz de pasar mañáns enteiras vixiando os lugares, facendo que durmía ata que nun despiste ¡zás! Unha carreira rápida ata o balde e outra ata o escondite que tiña detrás da fonte e a papar o manxar e botar unha siesta sin que ninguén o molestase.

Xa de vello, deu en dar voltas arredor de si, cando algún malandro lle tocaba o rabo. Podía dar máis de vinte voltas sen parar para un lado e, si llo volvían a tocar daba outras vinte para o outro lado ata caír atolondrado no chan sen sentido, votando a lingua fora e entomando os ollos coma se estivese epilético. Nos derradeiros meses da súa existencia deambulaba cego, coa boca aberta para respirar mellor, sen pelo, sen folgos e sen vida, deitándose contra calquera árbore para escofarse mansiñamente e esmagar e espantar as moscas que lle sorbían o sangue das feridas das orellas.

Cartucho morreu nunha noite de setembro, en tempo da vendima, atropelado polo camiión dos Rusos que voltaba da Lomba, camiño de Vigo, nun día de feira.

(do libro inédito *Retratos dun tempo escuro*).

O viño noso de cada día

A xente non é feliz porque non bebe viño: Isto non o lin en Séneca nin Confucio, escoiteino de meu cuñado, que é home sinxelo e afable, e por ende, feliz e xeneroso; non sei se porque bebe viño ou porque así naceu de virtuoso.

O poeta Baltasar de Alcázar louva así, neste coñecido cuarteto a divindade do viño:

Con dos tragos del que suelo
llamar yo néctar divino,
y a quien otros llaman vino
porque nos vino del Cielo

Non é paixón de familia pero, penso que meu cuñado dí máis do viño con menos palabras que o poeta; sabiduría popular, diría eu

Rabindranath Tagore defende así a bondade do home, que non dos homes: **<Os homes son crueles, pero o Home é bon>** Eu, parafraseándoo, digo **<os viños poden ser peleóns, pero o Viño é bon>** defendendo, xa que logo, a bondade do viño, considerado este xenericamente.

A historia do viño transcurre paralela á da humanidade, pois contan nas sagradas escrituras que, xa Eva no Paraíso tapou as súas vergonzas cunha folla de parra; o que me fai matinar se houbo, ou non, viño no Edén; e se houbo viño, quen me asegura que o “despido” non lles veu por mor do viño (néctar divino) e non por mor dunha mazá, porque os “lerios” do despido nunca estiveron claros e non creo eu que unha inocente mazá teña o engado irresistible como pra “perderen a cabeza” de tal maneira, os Pais da Humanidade. Pero isto é outra historia que eu deixo

pros eséxetas, teólogos e demais estudiosos de estrañas historias e insensatos comportamentos.

Se nos referimos á Antigüidade, á etapa bíblica do Antigo Testamento, atopamos viñas e viño a cachón, mesmo algún patriarca que colle unha borracheira e queda en vergonza diante de toda a súa tribu; do que se podería deducir que, xa naquel tempo, facían viño “peleón”.

Pero é no Novo Testamento cando aparece **o viño como elemento de milagre**. Faltou viño -qué vergonzanas vodas de Caná de Galilea, e tivo que facer Xesús un “traballiño” impagable que só Deus pode facer sen delinquir; converter a auga en viño. Non hai moita información evanxélica tocante a que Xesús e os Apóstolos beberan ou non, “entre comidas”, pero está no Evanxeo que na Derradeira Cea, **o Nazareno bendicou o pan e o viño**.

Desde a miña condición de cristián e de galego, entendo -sobre todo por galego- a situación de desazón que tal carencia debeu producir na familia de Caná; pois non quero nin pensar que un feito tal, poidera aconte-

cer nun casorio da miña aldea, onde calquera ben pode faltar, antes co viño. É sana e anterga costume nas nosas aldeas, agasallar con viño ó visitante en sinal de hospitalidade e cortesía; se este o acepta, mellor, e se non, queda coa ofrenda constancia de que *na casa hai viño*.

A partir daqui teño que dálle-la razón a Baltasar de Alcázar no seu epigramático e gozoso cuarteto **< néctar divino >**, pois claro que si, non cabe, dende logo, maior divindade que ser convertible e convertido no mesmo Sangue de Cristo.

Chegado a este punto, e porque me encarta, quero contar unha anécdota familiar e verdadeira: Hai moitos anos, chegou un home, cunha burra e dous pelexos, á casa de meus avós, aló na Terra de Lemos. Pediu que lle encheran os ditos pelexos de viño doce. Mentras meu avó os ía enchendo, o home non deixaba de preguntar **< e será puro ¿ non si ? >**. **< Pois claro que é puro ¿ cómo pode vostede dubidar? >**. A cada pouco o home teimaba na mesma pregunta e meu avó buliu canto puido a enche-los pelexos por mor de quitar ó vello de diante. Cando

A historia do viño transcurre paralela á da humanidade, pois contan nas sagradas escrituras que, xa Eva no Paraíso tapou as súas vergonzas cunha folla de parra; o que me fai matinar se houbo, ou non, viño no Edén

Teño que dálle-la razón a Baltasar de Alcázar no seu epigramático e gozoso cuarteto **< néctar divino >, pois claro que si, non cabe, dende logo, maior divindade que ser convertible e convertido no mesmo Sangue de Cristo.**



Cubas de alagar, Casa Somoza

Bebede pra que sexades felices, pero nunca pra que sexades desgraciados (Gilbert Keith Chesterton). Pois ten, ó meu entender, razón o británico este: Realmente beber a cachón cando o teu estado é de relativa felicidade (tendo saúde, familia , benestar, etc.) non te pode levar máis que a un estado inferior. Pola contra ó mendigo, ó desherdado desta sociedade, quen sabe cánto ben. lle fai unha botella de viño pra crear o seu humilde universo de felicidade, ¿transitoria?, quizáis, pero mañán pode “caer” outra botella.

estiveron cheos e pagos os dous pelexos, cargounos na burra e botou a andar; mais non tiña chegado ó portón do curro cando virou teimando unha vez máis: <e que, verá vostede, o viño non lle é para min; elle pro crego da parroquia de Currelos, e quéreo pra celebra-la misa>. Pois, nese caso, dixo meu avó, dígalle ó crego que “*non cómpre que lle mesture aquelas pinguñas de auga*”. Foi a maneira que tivo meu avó de amolar ó vello desconfiado, xa que Deus ben sabe que, aínda que na Casa Grande de Somoza sempre houbo cregos, éstos non bautizaban o viño senón os nenos.

Agora que xa coloqueei a anécdota familiar, volvo ó tema que me ocupa, fugar en argumentos que validen a “tese” do meu cuñado. Se o sentir relixioso é o camiño pra acadar o estado da felicidade; vendo o “mollado” de viño que está o tal camiño, debemos logo admitir que <viño e felicidade van parexos >

Xa na Roma Clásica, sentencia así Plinio: **Vino veritas**, “no viño está a verdade”. E algo así xa dixera Platón na súa obra *O banquete*: **También en el vino, amigo, está la verdad**. Ámbalas dúas sentencias veñen a corroborar o refrán popular: **Di o borracho o que ten no**

papo; ou estoutro: se queres saber do veciño, échelle a andorga de viño.

Porque non quero nin debo contradicir a estes dous eruditos do pensar greco-latino, e menos aínda ó noso refraneiro; acepto como verdades estas dúas poderosas virtudes que o viño nos aporta: **verdade e felicidade**. Virtudes sí, pero que ás veces entran en conflito con outras virtudes máis convencionáis. Imaxinemos aquel paisano noso que chega borracho á casa, máis feliz que unhas castañolas, despois de pasar a noite na tabera. <Buenos días, familia>; a súa dona respóndelle ó saúdo <¡Ai larpeiro, borrachón, mal home , que gastas en viño canto temos! > . <Si, eso é o que ti coidas; igual pensas que a augardente ma regañan>. O noso paisano escoita estoicamente unha tronada de improprios e, cando cansou, díxolle á dona: Bueno, eu non fixen mal a ninguén, por eso non entendo porqué me rifas, pero *se estorbo vólvo pra onde estaba que, ali ninguén me rifaba*.

Bebede pra que sexades felices, pero nunca pra que sexades desgraciados (Gilbert Keith Chesterton). Pois ten, ó meu entender, razón o británi-

co este: Realmente beber a cachón cando o teu estado é de relativa felicidade (tendo saúde, familia , benestar, etc.) non te pode levar máis que a un estado inferior. Pola contra ó mendigo, ó desherdado desta sociedade, quen sabe cánto ben lle fai unha botella de viño pra crear o seu humilde universo de felicidade, ¿transitoria?, quizáis, pero mañán pode “caer” outra botella.

En definitiva, non só apoio a tese de meu cuñado senón que estou por dicir que o mal ou o ben está no home, non no viño, pois como di un proverbio chino : Non bebe o viño ó home se antes o home non bebe ó viño. A gran verdade do viño é presentar ó home tal cal é. Por iso, terxiversando un pouco a Tagore, digo que *son os homes e os viños, non o Home e o Viño quen nos amolan* .

Con pan e viño ándase o camiño. Remítome novamente ó refraneiro popular pra apoiar a miña particular tese de que, se a sorte deste noso mundo dependera do *Home que bebe Viño*, quizáis non faltara o pan e o viño pra que todos andiveramos un máis digno camiño. Pero, quen sabe o que beben esa xente. Pois... beberán... beberán..., eu que sei, quizáis Cuba-libres... de Whisky e Coca Cola.



O deus grego do viño, Baco

Por Cotonno

Os poetas na memoria

A MÚSICA COMO VEHÍCULO DE EXPRESIÓN POÉTICA

É ben certo que a vida ás veces supera a ficción. Todos sabemos de historias reais dignas do mellor guión de Hollywood. Tamén ás veces, cando temos unha idea na cabeza parece que todo conflúa cara á ela coma se os horóscopos fosen, por fin, unha ciencia exacta. Así me pasou a min desta vez.

Sempre se di que a poesía está reservada a minorías e que non ten cabida neste país que tan pouco le. Se cadra é precisamente por eso, porque a poesía non debería ser lida tal como lemos unha novela. Os versos sempre agardan para ser recitados en voz alta ou para ser cantados. Se lle preguntamos a calquera qué poetas coñece, probablemente non pensará en Leonard Cohen nin en Armando Manzanero, nin en Luis Eduardo Aute, nin en Luz Casal, nin en Antón Reixa. Porque estamos afeitos a non considerar como poesía ás cancións nin como poetas ós compositores.

Cando establecemos diferenciacións entre poesía e canción, estamos limitando e sacando fóra do seu propio hábitat á poesía mesma. Xa os trobadores medievais da nosa terra escribían eses fermosísimos versos, sempre perfectamente musicados e así chegaban ó público, aínda que fosen outros, os xograres, os que os cantasen. E como cancións quedaron escritos neses fermosísimos Cancioneiros —como non—, agardando algúns séculos nos mosteiros ata que foron redescubridos non hai tanto tempo.

Todos os poemas teñen a súa propia música, cun ton concreto e seguindo un ritmo determinado. Se instrumenten ou non, non deixan de ser per-

fectos para o acompañamento musical. Por iso, cando se di que a poesía é cousa só dalgúns elites, eu realmente creo que, simplemente, a poesía non ten sido promovida e explicada como se merece.

Tamén pretenden facernos ver que só ten futuro a música en inglés ou, coma moito, en español. Loxicamente ninguén dubida do poder destas dúas linguas, pero non nos deixemos enganar. Este verán do 2004 escoitamos ata o aburrimiento una canción en romanés que todos os rapaces sabían seguir aínda que non entendían qué dicían. Noutros tempos foron algúns dos nosos cantantes os que se fixeron populares cantando en galego. Si, nada menos que en galego. Porque se a poesía é a irmá pobre da literatura e o galego é unha das irmás pobres das linguas románicas, se xuntamos ambas as dúas cousas, parece case un milagre que a música en galego poida ter futuro ningún. E malia todo iso, hai máis de 40 anos, un grupo logrou conseguilo.

Estamos a falar de Los Tamara, escrito con ese mesmo L que na época tiña a súa cidade natal, A Coruña, e que hoxe algúns políticos disfrazados de progresistas queren restituír, nun intento de rememorar aqueles vellos tempos nos que había que “disimular” que se era galego para non parecer un pailán. Freud moito traballíño tería nalgúns Concellos.

DE LOS TAMARA A OS TAMARA

Los Tamara alá polos anos 60 gozaron dunha grande popularidade, precisamente cantando en galego e, precisamente, cantando ós poetas da nosa terra como Rosalía ou Celso Emilio. Gracias a eles moita

xente puido coñecer versos destes magníficos poetas nosos aínda sen sabelo.

A historia de Los Tamara, sería digna de ser tomada como ese guión hollywoodiense do que antes eu falaba. Segundo explica o xornalista Ángel Varela, Los Tamara comezaron como grupo no ano 1958 e o nome, aínda que co artigo en castelán —como non podía ser doutra daquela—, foi idea do alcalde de Noia, Manuel Ons, que propuxo “Tamara” que era o antigo nome do río Tambre. Tamara ou Tamaris era como se lle chamaba ó río antes da chegada dos romanos ó noroeste peninsular, compartindo a mesma orixe do nome do río que pasa por Londres, o Támesis.

Bautizados como “Los Tamara” presentáronse a un concurso en Radio Vigo e foi nesa cidade onde os veu tocar un empresario xudeu afincado en Montecarlo, M. Marley que lles propuxo tocar durante un ano nas salas do norte de África. E alí que se van para actuar, primeiro no Casino de Tánxer, aqueles mozos que non saíran máis lonxe de Santiago, naquela sala rodeados de bailarinas medio en coiros, co que iso era daquela. Estiveron tres anos sen parar de actuar en África e Beirut ata que os conflitos na zona, fixeron que tomasen rumbo a Francia, pasando antes por Madrid onde coincidirán con Pucho Boedo, o que sería despois o seu cantante solista.

PUCHO BOEDO: A VOZ

Pucho Boedo é outra historia con guión de cine. Hoxe segue a ser unha icona para os mozos galegos que con Xurxo Souto á cabeza, reivindicán a súa figura coma un dos símbolos da cultura *bravú* e así aparece nalgúns dos seus libros coma *Fumareu*.

Este verán do 2004 escoitamos ata o aburrimiento unha canción en romanés que todos os rapaces sabían seguir aínda que non entendían qué dicían. Noutros tempos foron algúns dos nosos cantantes os que se fixeron populares cantando en galego

Hoxe algúns políticos disfrazados de progresistas queren restituír os Tamara, nun intento de rememorar aqueles vellos tempos nos que había que “disimular” que se era galego para non parecer un pailán.

Los Tamara gozaron dunha grande popularidade cantando ós poetas da nosa terra como Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro.

Pucho Boedo segue a ser hoxe unha icona para os mozos galegos que con Xurxo Souto á cabeza, reivindican a súa figura coma un dos símbolos da cultura *bravú*.

Os Tamara quedaron na memoria de todos como un patrimonio cultural do que deberíamos estar orgullosos



Por **Pura Salceda**. Poeta e ensaísta. Licenciada en Filoloxía Hispánica e doutora en Filoloxía Románica, na Área de filoloxías galega e portuguesa da Universitat de Barcelona. Profesora dos Cursos de Lingua e Cultura galegas en Cataluña.

Pucho con só nove anos, perdeu a seu pai e ó seu irmán José Antonio, fusilados no 37 por mor de ser uns coñecidos sindicalistas da CNT. Outro dos seus irmáns, Manuel, tivo que fuxir para salvar a vida. Pucho e mais el non se atoparían ata moitísimos anos despois. Con 19 anos e unha voz extraordinaria, Pucho comezou a súa carreira como cantante, primeiro no grupo Los Trovadores e logo marcha a Venezuela como cantante da orquestra Los Satélites, sendo coñecido nos anos 50 como "la voz romántica de Sudamérica" nos medios de comunicación en Caracas. A principios dos 60 foi moi popular en Madrid, de novo como cantante de Los Trovadores. Din que, daquela, tiña mesa reservada nos mellores clubs da capital "por se aparecía", segundo contaba o seu amigo Miguel Ríos.

Pucho Boedo e Los Tamara en 1961 marchan a Francia a actuar, primeiro a Marsella e logo nada menos que á sala Olimpia de París, compartindo escenario con Jacques Brel, Charles Aznavour ou Gilbert Becaud. En 1963 gravan o seu primeiro disco dun total de dez LP e 62 singles ó longo da súa carreira. De volta a Madrid comezan a cantar en galego pero a productora resistese a gravar estas cancións ata que, despois dos primeiros éxitos aceptou.

POP EN GALEGO

Desde xeito, Los Tamara foi o primeiro grupo que fixo pop en galego e cunha repercusión non só en Galicia senón tamén fóra dela co seu traballo "Galicia terra nosa". Los Tamara comezan a cantar temas extraídos dos poemarios de Rosalía de Castro ou de Celso Emilio Ferreiro, pero no segundo LP tiveron problemas coa censura por causa dun tema "La muerte de Curros" e estiveron case un ano co disco retido. Sorte que daquela, estaban no cume da súa carreira e coñecían á xente máis importante do panorama artístico do país. En 1976 Pucho Boedo enferma e disólvese o grupo aínda que en 1984 aparece o disco "Volvendo", asinado por "Pucho Boedo e Os Tamara". Esta vez, xa o nome levaba o artigo en galego.

Os Tamara quedaron na memoria de todos como un patri-

monio cultural do que deberíamos estar orgullosos. A través deles escoitouse a voz de Galicia e a dos seus poetas, dun modo accesible, próximo á xente, cos ritmos da súa propia época. Así que, francamente non creo que nin a poesía teña que ser patrimonio dalgunhas elites intelectuais nin a lingua galega algo só restrinxido a uns poucos tolos ós que lle da por falala aínda. Quen diga iso, engánase ou quere enganarnos. Nesta aldea global na que se converteu o noso mundo é máis doado ca nunca abrir portas e derrubar fronteiras. Cun só "clic" asomamos á grande fiesta virtual aberta pola que, como diría Pucho cantando a Curros ou Rosalía, entren e saian *os aires, airiños da nosa terra*.

NA PROCURA DUNHA IDENTIDADE

E, por esas cousas da vida, que algúns chaman "casualidade" -se é que as casualidades existiron algunha vez- hai uns días, estando xa rematada esta crónica, unha noticia daba conta da historia dunha muller que vivía en América e que fora atracada á saída do banco. Do golpe, de resultas da agresión, perdeu a memoria e co bolso, os atracadores levaron con eles toda a súa documentación. No hospital onde a ingre-



Pucho Boedo, a voz cantante de Os Tamara

saron non daban coa súa identidade posto que nada sabían dela e non quería falar con ninguén. Aquela muller sen nome só cantaba algunhas veces. Cantaba para ela. Case ás agachadas, buscando dentro de si un nome. Por fin, un día, un enfermeiro cubano dáse de conta que canta en castelán con acento galego. Postos na pista, chaman ó consulado español e alí atopan a denuncia da súa desaparición posta polos seus familiares. A muller, tras aquela terrible experiencia amnésica, só lembraba as cancións que o seu irmán músico lle cantaba. O seu irmán que fora un dos que un día levara melodías en galego polo mundo adiante nun grupo chamado Los Tamara. Aquel "o verde me acaricia porque a Galicia xa estou chegando" devolveu a identidade a unha muller, como un día o fixeran Los Tamara con todos nós.



Os Tamara

As fórmulas electorais

Enténdese por fórmula electoral o procedemento de cálculo matemático que traduce os desexos dos electores nunha distribución dos escaños parlamentarios disputados polos diversos candidatos dos partidos contendentes. Os resultados electorais presentan as preferencias dos cidadáns expresadas en votos. A fórmula electoral permitiranos ordenar estas preferencias coa finalidade de coñecer qué candidatos foron elixidos para ocuparen os postos en disputa.

1) A FÓRMULA ELECTORAL MAIORITARIA

A fórmula maioritaria, historicamente máis antiga, resolve de forma aparentemente sinxela o problema de traducir votos en distribución de escaños: o candidato ou lista de candidatos que, de entre tódolos contendentes, consegue a maioría dos votos emitidos faise coa victoria e, polo tanto co escaño ou escaños a prover.

1.1) Principais variantes:

Mayoría simple ou relativa.

É a fórmula maioritaria por excelencia: gana o candidato que reúne máis votos, independentemente do número de sufraxios conseguidos polos demais candidatos.

Non ten ningunha importancia a marxe de votos que separa ó vencedor dos vencidos: sexa esta diferenza dun voto ou de varios milleiros, os vendidos quedan igualmente apartados da representación

Mayoría absoluta. É dicir a metade máis un dos votos posibles. Existen dúas variantes desta fórmula.

a) Fórmula maioritaria a dúas voltas. A elección debe elixirse, en principio, por maioría absoluta. No caso de que ningún candidato a alcance, celébrase unha segunda volta ou votación na que basta a maioría relativa. Xeralmente, a participación de candidatos na segunda volta queda restrinxida aos que houberan superado certa cota de sufraxios —como no actual francés— ou, incluso, resérvase ós dous candidatos mellor situados na primeira volta ou votación —como sucedía en Alemaña antes do 1914—.

b) Voto alternativo. Nesta modalidade preténdese reunir nunha só votación as dúas

operacións do método anterior. Para elo, o votante indica, en primeiro lugar, o nome do candidato da súa elección e, a continuación numera por orde de preferencia aos demais candidatos presentados. Este procedemento está en vigor nas eleccións para a Cámara Baixa australiana.

O voto limitado. Unha forma de mitiga-los efectos desproporcionados da fórmula maioritaria. O elector dispón dun número de votos inferior ó número de escaños en disputa. Vixente en España para a elección de Senadores (Real Decreto-Lei 20/1977 de 18 de marzo). Se nunha circunscrición se asignan catro senadores, tan só se poden votar a tres.

O voto acumulativo. Cada lector dispón, neste suposto, dun número de votos igual ó número de escaños a cubrir pero pode distribuílos a seu gusto, concentrándoos incluso nun só candidato.

Puntuación e voto fraccionado. O lector dispón, neste caso, dun número de votos superior á cantidade de escaños en disputa, podendo distribuír estes votos ou puntos entre os candidatos, segundo as súas preferencias.

Países onde se aplica. Na actualidade, os sistemas de fórmula maioritaria atópanse vixentes na Gran Bretaña e países de tradición política anglosaxona: Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelandia. Fora da área anglosaxona tan só Francia se rexe dende 1958 polo sistema maioritario a dúas voltas e en España para a elección de Senadores.

2) A FÓRMULA ELECTORAL PROPORCIONAL

Coa fórmula proporcional, en cambio, os escaños parlamentarios distribúense entre os contendentes en proporción ó número de votos obtidos por cada unha das candidaturas ou partidos en presenza. Desta forma, cada participante no xogo electoral «paga» aproximadamente, un mesmo número de votos para acadar un escaño.

2.1) Variantes:

O voto único transferible. É a fórmula proporcional máis antiga. Aplicase a circunscricións plurinominais nas que están en xogo varios escaños. A cota necesaria para obter un escaño calcúlase segundo á fórmula ou método de Droop:

$$\text{Cota} = \frac{\text{Total de votos emitidos}}{\text{N}^{\circ} \text{ de escaños en xogo} + 1}$$

Voto transferible por acumulación. Un mesmo candidato, aspirante a diversos escaños en diferentes distritos, a acumulación dos votos obtidos en cada un deles, ata acadar a cota prefixada que dá dereito ó escaño. A idea que o inspira é, no só dar ás minorías dispersas a posibilidade acadar unha representación parlamentaria, senón tamén a de facilitar que personalidades independentes de prestixio, pero sen partido que as respalde, poidan ser elixidas.

Fórmula de resto máis elevado. Aplicase a distritos plurinominais nos que se emite voto de lista. As operacións de atribución de escaños inicianse co establecemento da cota ou cociente electoral, que da dereito a un escaño. Esta cota resulta de dividir o total de votos emitidos polo número de

No sistema de fórmula electoral maioritaria, o candidato ou lista de candidatos que, de entre tódolos contendentes, consegue a maioría dos votos emitidos faise coa victoria e, polo tanto co escaño ou escaños a prover.

Os sistemas de fórmula maioritaria atópanse vixentes na Gran Bretaña e países de tradición política anglosaxona: Estados Unidos, Canadá, Australia e Nova Zelandia.

Na fórmula electoral proporcional cada participante no xogo electoral «paga» aproximadamente, un mesmo número de votos para acadar un escano.

Os sistemas de fórmula proporcional, pode afirmarse que constitúen en Europa a norma electoral por excelencia, ó regularse conforme á mesma as eleccións de tódolos Estados europeos da área occidental

deputados a elixir. Trátase da fórmula que produce unha maior proporcionalidade entre a distribución de votos acadados polos partidos e a súa correspondente conversión en escanos parlamentarios.

Fórmula da media máis elevada. O criterio que inspira este método é o de conseguir, en boa lóxica proporcional, que o custo en votos o cota a pagar por conseguir un escano sexa sensiblemente o mesmo para cada partido. Existen varias fórmulas:

a) A variante D'Hondt. Recibe o seu nome do matemático belga que a ideou e reúne as etapas da versión anterior nunha soa. Para elo, divídese sucesivamente o número de votos de cada lista por 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, etcétera, ata o número total de escanos a cubrir. A continuación, os cocientes resultantes das divisións anteriores, ordénanse de maior a menor, nunha serie que ten que comprender tantos cocientes como escanos en disputa. En vigor en España para a elección de Deputados ó Congreso, dende a súa regulación no Real Decreto-Lei 20/1977 de 18 de marzo.

b) A variante Hagenbach-Bischof. Outra variante da fórmula da media máis elevada é a elaborada polo suízo Hagenbach-Bischof en 1888 e aplícase actualmente en Suíza e Austria. A cota electoral obtense dividindo o total de votos emitidos polo número de escanos máis un. A continuación, o total de votos de cada partido é dividido pola cota ou cociente resultante da operación anterior, obtendo así o número de escanos que corresponden a cada lista de partido. Se, despois desta operación non quedan cubertos tódolos escanos, dáse por non realizada e vólvese a efectuar a división pero en lugar do número de escanos máis un, fázase por máis dous. Se tampouco se consegue, aumentase outra unidade o número de escanos, ata conseguir unha cota que permita a asignación simultánea de tódolos escanos entre os partidos concorrentes.

c) A variante Sainte-Legé. Esta variante do sistema proporcional, tende a beneficiar aos partidos maiores e a diminuí-la vantaxe relativa que os partidos pequenos poden obter coa fórmula do resto máis elevado, especialmente en distritos de grande magnitude. En pago de dividir por 1, 2, 3, 4, etcétera, fázase por 1, 3, 5, 7, etcétera. Deste

xeito, ó incrementar a marxe entre divisores, aumentase tamén a marxe entre cocientes: os partidos maiores ven relativamente diminuída a súa vantaxe, porque o custo de cada novo escano, é para eles progresivamente máis elevado. Pero ó mesmo tempo, e coa finalidade de non beneficiar aos partidos pequenos, o primeiro divisor da serie elevouse a 1,4, quedan así: 1,4, 3, 5, 7, 9, etcétera.

Países onde se aplica. Os sistemas de fórmula proporcional, pode afirmarse que constitúen en Europa a norma electoral por excelencia, ó regularse conforme á mesma as eleccións de tódolos Estados europeos da área occidental: Alemaña, Bélxica, Dinamarca, España, Finlandia, Grecia, Irlanda, Islandia, Italia, Luxemburgo, Malta, Noruega, Portugal, Suecia e Suíza.

Exemplos de aplicación comparada das fórmulas proporcionais:

- a) Total de escanos en xogo 6.
- b) Total de votos emitidos 600.000.
- c) Distribución de votos:

- Partido A: 220.000
- Partido B: 150.000
- Partido C: 135.000
- Partido D: 55.000
- Partido E: 40.000

-Fórmula do resto máis elevado:

Total votos/	100.000	Resto	2 escanos ós restos maiores
A: 220.000	2	20.000	
B: 150.000	1	50.000	1
C: 135.000	1	35.000	
D: 55.000	0	55.000	1
E: 40.000	0	40.000	

Partido A: 2 escanos.
Partido B: 2 escanos.
Partido C: 1 escano.
Partido D: 1 escano

-Fórmula da media máis elevada:

Total votos/	100.000	Nº. escanos xa obtidos + 1	2 escanos ós restos maiores
A: 220.000	2	220.000 : (2+1) = 73.333	1
B: 150.000	1	150.000 : (1+1) = 75.000	1
C: 135.000	1	135.000 : (1+1) = 67.500	0
D: 55.000	0	55.000 : 1 = 55.000	0
E: 40.000	0	40.000 : 1 = 40.000	0

Partido A: 3 escanos.
Partido B: 2 escanos.
Partido C: 1 escano.

-Fórmula da media máis elevada (d'Hondt - versión R.F.A):

Total votos	1	2	3
A: 220.000	220.000	110.000	73.333
B: 150.000	150.000	75.000	50.000
C: 135.000	135.000	67.500	45.000
D: 55.000	55.000	27.500	18.333
E: 40.000	40.000	20.000	13.333

Partido A: 3 escanos (220.000, 110.000 e 73.333).
Partido B: 2 escanos (150.000 e 75.000).
Partido C: 1 escano (135.000).

-Fórmula do resto máis elevado:

Total votos/	1,4	3	5
A: 220.000	147.142	73.333	44.000
B: 150.000	107.142	50.000	30.000
C: 135.000	96.428	45.000	27.000
D: 55.000	39.285	18.333	11.000
E: 40.000	28.571	13.333	8.000

Partido A: 2 escanos (147.142, 73.333).
Partido B: 2 escanos (107.142, 50.000).
Partido C: 2 escanos (96.428, 45.000).

Por **Juan Rodríguez Gómez-Dacal**
Licenciado en Dereito

O faro de Cabo Prior

Despois do artigo publicado na vosa revista nº 17, onde vos contaba como era a parroquia de Cobas (Ferrol), este ano quero seguir describíndoa co faro de Prior, que está situado no cabo do mesmo nome.



Podemos dicir que un faro é: unha luz acesa nun punto destacado da costa, para guiar ó navegante na noite, permitiéndolle situar o seu buque, seguir a derrota convinte, etcétera. Por extensión dáse tamén ese nome ó edificio ou construción na que se coloca a luz.

Suponse que os faros tiveron a súa orixe nunha fogueira, que se acendía nas elevacións da costa, para guiar ás naves durante a súa navegación nocturna. En España os faros máis antigos que se coñecen son da época romana, como a Torre de Hércules na Coruña. A pesar de ser unha idea antiga, non se lles dá moita importancia, ata o século XIX.

O día 13 de setembro do ano 1847, firmase a R.O. pola que se aproba o plan Xeral de Alumado Marítimo das costas e portos de España e illas adxacentes. Por este Plan, e despois dos recoñecementos e estudos precisos, entre outros propónse a instalación dun faro cunha luz fixa no Cabo Prior,

polas condicións favorables que presenta: o seu avance no mar e a elevada altura da costa.

O faro de Cabo Prior, atópase situado ó NE do cabo do seu mesmo nome, e pertence á parroquia de San Martín de Cobas. Inaugurouse o día 1 de marzo do ano 1854, como faro de terceira orde, servido polo torreiro de primeira clase don Clemente Reguera. Comezou o servizo, cunha luz branca fixa, que alcanzaba 15 millas náuticas, producida por un aparello de terceira orde, pequeno modelo da casa Sautter e unha lámpara mecánica, alimentada por aceite de oliva e servida por dous torreiros.

Os avances da ciencia vanse pouco a pouco incorporando ó servizo do faro, ata o ano 1900 o combustible empregado pola lámpara, era aceite de oliva e a parafina; a partir dese ano usouse o petróleo (coñecido en Cobas como o gas), no ano 1902 dótase dun sistema de incandescencia por vapor de petróleo; no 1905 acóplase un aparello óptico, un ano despois, un xogo

de pantallas xiratorias accionadas por unha máquina de relojería para producir unha luz branca con 2+4 ocultacións; o día 23 de abril do ano 1923 instálase una lámpara CHANCE BROTHERS de incandescencia por vapor de petróleo, que reempraza á SAUTTER antiga, e colocóuselle o aparello de terceira orde grande modelo, cun xogo de lentes verticais exteriores accionadas por unha máquina de relojería, con reserva de corda para oito horas, cunha aparencia de 1+2 destellos brancos cada 20 segundos; en

xullo do 1971 substituíuse a CHANCE por unha lámpara eléctrica ata o 26 de setembro do 1974, que entra en servizo a instalación actual, modernizada cunha nova lanterna cilíndrica e óptica catadióptrica cunha lámpara de 1500 W.; catro anos despois, o día 31 de xullo, comezou a soar unha sirena que emite a letra "P" en código Morse, repetida cada 25 segundos audible a sete millas.

O edificio orixinal, segundo podemos ver na figura, estaba composto de dúas partes unidas por un patio central, que en total media 160 metros cadrados, dos que 111,58 eran habitables. O custe da obra foi de 137.696 reais, co paso dos anos sufriu varias modificacións ate adquirir o estado actual. No ano 1883 chega á enseada de Cobas unha lancha cargada de pizarra procedente de Viveiro para o faro, o libro de ordes non especifica máis; supoño que sería para a cuberta, pois o faro nesa data ten 29 anos de antigüidade. No ano 1916 realizouse un proxecto de

Os avances da ciencia vanse pouco a pouco incorporando ó servizo do faro, ata o ano 1900 o combustible empregado pola lámpara, era aceite de oliva e a parafina; a partir dese ano usouse o petróleo (coñecido en Cobas como o gas), no ano 1902 dótase dun sistema de incandescencia por vapor de petróleo; no 1905 acóplase un aparello óptico, un ano despois, un xogo de pantallas xiratorias accionadas por unha máquina de relojería para producir unha luz branca

Os torreiros deste faro, menos J. Ricardo Alvariño (Ricardo do Faro) eran de fóra desta parroquia, nembargantes integráronse nela, ate que co tempo automatizouse o faro e a familia que o atende xa non vive nel.

reforma, comezando as obras o día 15 de abril do ano 1919 e paralizándose o día 5 de novembro do seguinte ano; no ano 1922 ampliouse este proxecto con outro, que supuxo a eliminación do patio, cubríndoo, e o adosándolle dous pavillóns, un a cada lado, para aumenta-la superficie das vivendas e a substitución dos tellados por unha azotea, rodeada dunha balaustrada, hoxe desaparecida.

Os Torreiros –hoxe Técnicos de Sinais Marítimas, con novas regulamentacións e misións- son rexidos polo Regulamento e Instrucción para o servizo dos Torreiros de Faros, aprobado o 21 de maio do 1851, este regulamento encargábaos de: acende-las luces, vixia-lo

alumado perante a noite, e coida-la limpeza e conservación dos aparellos e demais efectos destinados a este fin, así como das outras partes do faro. Dependían dos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.


O nome de Torreiro procede daqueles que, nas fortificacións da costa –torres- eran os encargados dos sinais dende o alto das torres, máis o coidado e pequenas reparacións das baterías.

Os torreiros deste faro, menos J. Ricardo Alvariño (Ricardo do Faro) eran de fóra desta parroquia, nembargantes integráronse nela, ate que co tempo automatizouse o faro e a familia que o atende xa non vive nel.

Lendo os libros parroquiais podemos atopar aos torreiros

apadriñando a nenos da parroquia, outros deixan parentes no noso cemiterio, o mesmo que xente de Cobas apadriñando fillos de torreiros.

Tamén se integraban na vida económica, exercían segundos oficios, como zapateiro, clases particulares (escola de noite), un pouco de gas pro candil, etcétera..., hoxe en día temos que lamenta-la perda dunha familia como veciños, que se une a outras máis que se tiveron que marchar por distintas reducións da administración pública, contribuindo á despoboación. Na memoria dos que coñecemos esta época quédannos bos recordos de convivencia con estas persoas, pero o faro segue no seu sitio, que sexa por moitos anos e que vostedes o vexan.



Frente do faro antigo de Prior



Frente do faro actual de Prior



Por José López Hermida

O xurés de Santa Eufemia

A disputa dunha Santa na serra



Mil anos atrás, as comunidades humanas do Xurés vivían illadas en pequenas repúblicas de montaña en harmonía e sosego; funcionaban sen país, sen patria e inclusive, sen nación e sen estado, sustentando a súa propia segregación étnica en comunidades autárquicas, ignorando fronteiras territoriais e resistindo a os efectos absorbentes do exterior.

Pero, un día, a violencia apoderouse destes montes. Comezaron a asomar detrás das rochas as lanzas das tropas que pugnaban pola lexítima independencia de Portugal, e, coa consecuente división fronteiriza, houbo que soportar odios e confrontacións entre sociedades tradicionalmente unidas. Unha grande parte do teatro da inde-

pendencia portuguesa fraguouse nos montes do Xurés.

Os restos mortais da Santa Eufemia -célebre Santa martirizada nesta serra no ano 140 d.C- foran atopados no ano 1.090, e inmediatamente disputados por galegos e portugueses, contribuíndo a envelenar un pouco máis as relacións entre as dúas incipientes comunidades que estaban a aprender a vivir separadas.

Tanto en Portugal como na Galiza, aínda hoxe os naturais amosan e contrapoñen os diferentes escenarios e feitos haxiográficos da Santa, dignos todos eles de ser considerados e coñecidos. Por exemplo, a tradición oral galega da a coñecer o "camiño branco" onde nunca nace a herba, "por ser o lugar no que, arrastrada polos verdugos, varreu a Santa co seu

corpo o chau", que se pode observar na parte máis próxima ó precipicio do Franxoso; na versión portuguesa afirmase que, cando lanzado polos verdugos o corpo da Santa se ía a despedazar contra un macizo granítico que hai na Calcedonia de Cobide, as rochas se abrandaran, abrindo unha cavidade na que Ela coubera. Desta cavidade brotou un nacente de auga pura que se converteu nas famosísimas e salutíferas augas termais do Gerês.

Na versión galega apórtase un inciso a súa morte, que di, que nun dos intentos de axustizala, foi arroxada polos verdugos desde o alto da Cruz do Coto de Manín dentro dunha cuba chea de facas, chegando na súa caída ó máis profundo do barranco sen sufrir

Na versión portuguesa afirmase que, cando lanzado polos verdugos o corpo da Santa se ía a despedazar contra un macizo granítico que hai na Calcedonia de Cobide, as rochas se abrandaran, abrindo unha cavidade na que Ela coubera. Desta cavidade brotou un nacente de auga pura que se converteu nas famosísimas e salutíferas augas termais do Gerês.



En Campelo de Manin atopouse fai pouco tempo unha necrópoles, que concorda en grande medida cos datos e o lugar da aparición de Santa Eufemia na tradición galega

O bispo de Ourense Pedro Seguí acudiu a Manín e, coa axuda dunha ilustre señora chamada Estefanía, deciden a translación dos restos da Santa Eufemia para Ourense.

Hoxe, co nome de serra de Santa Eufemia é coñecida a parte galega dos montes que se encamiñan da Portela do Home a Lindoso. No lado Portugués, detrás da raia, os mesmos montes chámanse Montes da Madalena. En Portugal, o venerado nome da Santa é gardado para a Veiga de Santa Eufemia, en Cobide

o menor dano, excepto un pequeno corte no dedo mendiño.

Desde Portugal, os de Cobide, amosan unha proba que consideran a definitiva para confirmar que a vida de Santa Eufemia se desenvolveu realmente na súa aldea, que nos di que, ó lado da Ermida da Santa, levántase un penedo en cuxa superficie están impresas as pisadas dunha rapariga, que os veciños non dubidan en afirmar que corresponden á Santa. Así definía este peñasco o abade Rodríguez de Sousa de Cobide fai dous séculos: "Un penedo, non moito grande con boa capacidade para se subir a el e neste penedo estao impresos os vestixios da mesma Santa cando facia orazao a Deus Noso Señor e se vé os vestixios dos xoellos, porque en moitas partes deste penedo que he grande e largo se abrandou o penedo estando a Santa facendo orazao, e se ve os vestixios dos xoellos onde se abrandou e amoleceo como se fora agua, e en moitas partes e no mesmo penedo estao tambien expresas as plantas dos seus pes que sempre se ten por tradizan antiga que cando a Santa se levantaba de orazao no cal penedo estan expresas as pegadas dos xoellos e as pontas dos pes". É un bonito regalo facer unha visita á rocha, se de paso sé visita tamén o museo de Vilariño da Furna de increíble riqueza etnográfica que se encontra a un par de quilómetros de distancia, fundado polo noso amigo o Doutor Manuel Antunes da Universidade Lusófona.

Pero, o factor que veu a multiplicar as discrepancias entre galegos e portugueses foi a disputa dos seus restos. O corpo de Santa Eufemia (e de seus dous compañeiros que padeceron ó mesmo tempo martirio), foi atopado, como dicimos, por unha pastora de Manín pouco antes da independencia de Portugal. Segundo nos conta o bispo Muñoz de la Cueva, gardaba a pastora ovellas en Campelo, e viu unha man cun anel de ouro que saía dunha sepultura agochada.

Tomou o anel e ficou logo muda Indo a buscar ó seu pai, cando volveron e lle puxeron de novo o anel,

a súa filla falou, oíndo xuntamente cunha voz do ceo estas palabras: Aquí está o corpo de Santa Eufemia, date presa en pasalo con a reverencia debida a Igrexa de Santa Marina.

En Campelo de Manin atopouse fai pouco tempo unha necrópoles, que concorda en grande medida cos datos e o lugar da aparición de Santa Eufemia na tradición galega. Segundo as prospeccións arqueolóxicas realizadas polo doutor Xosé María Eguileta, os túmulos encontrados na necrópoles estaban distribuídos en varias fases de enterramentos. As antropomorfas, por exemplo, escavadas no sábrago, tiñan unha datación inferior ó século IX.

Sesenta anos despois da aparición dos seus restos, no ano 1159, xa estaba establecida a primeira fronteira na serra do Xurés, pero as tensións independentistas aínda se mantiñan en ebulición, disputando palmo a palmo anacos da serra para o pastoreo.

Como un elemento máis das reivindicacións fronteirizas, reclamaron os portugueses os seus dereitos sobre a Santa, e decidiron que, se fora necesario, empregarían a forza segundo os métodos belixerantes en vigor. A oposición galega manifestouse de inmediato. Acudiu o bispo de Ourense Pedro Seguí a Manín e, coa axuda dunha ilustre señora chamada Estefanía, deciden a translación dos restos da Santa Eufemia para Ourense.

Di o bispo Muñoz de la Cueva que, alertados os portugueses do traslado da Santa para Ourense "Vinieron ranchos Plebeyos, y Fidalgos al punto de formar la Procesión, con armas; y con palos, la quixieron impedir. Los Caballeros y Labradores de este Obispado y provincia, viendo a los portugueses en armas, acudieron al punto

a la defensa". En pago da gravísima batalla que se aveciñaba, o Arcebispo de Braga e o bispo Pedro Seguí de Ourense, que estaban presentes, arbitraron finalmente unha fórmula clásica naqueles tempos, que consistiu en xungrir dous bois salvaxes a un carro, no que se tiña depositado o féretro da Santa e a urna dos mártires, e foran deixados en liberdade no medio de Campelo para que só o instinto os guiara. A dirección dos bois, din os galegos, levou ata Ourense a Santa Eufemia. Pasaron mil anos e continua a disputa pola identidade da Santa, aínda que teña que ser feita encuberta baixo aspectos toponímicos.

Por exemplo, hoxe co nome de serra de Santa Eufemia é coñecida a parte galega dos montes que se encamiñan da Portela do Home a Lindoso. No lado Portugués, detrás da raia, os mesmos montes chámanse Montes da Madalena. En Portugal, o venerado nome da Santa é gardado para a Veiga de Santa Eufemia, en Cobide. Din que, pasou a ser practicamente imposible recuperar o corpo da Santa Eufemia para Portugal desde o día en que a tomou baixo a súa protección o Rei Fernando II de León. A Santa tiña beneficiado ó Rei co milagre de o liberar de unha grave enfermidade, e que lle valeron diversos privilexios ó bispo Seguí. Foi tal a influencia de Santa Eufemia nesta serra que, á fronteira política e xeográfica do Xurés debería engadirse o novo compoñente de fronteira espiritual. Pensamos que se debe a esta Santa o brumoso misticismo que a envolve, e que fai que, en contraposición co seu valor semántico de límite xeográfico, sexa recoñecida de sempre pola fronteira que une.



A serra do xurés

Por Xosé Lamela Bautista

O xardín de Mme Polette.

Xa non quedan flores no xardín de Mme. Polette. Non me decatara disto tanto pola súa ausencia mais polo ar estático, gris, pesado, que envolvía a casa, outrora rodeada de rosas amarelas, brancas, vermellas, laranxas e vivas, grandes, cativas, prohibidas. A tentación dunha flor daquelas na palma da man era tan cruel, en esencia, coma a idea de arrincarlle as ás a unha bolboreta. Estaban alí á vista de todos só para seren contempladas, admiradas e gardadas as súas cores na retina.

Mme. Polette fora avellentando devagariño, tan silente e imperceptiblemente coma as flores do xardín, envolvéndose do mesmo gris consentido. Mostraba, con todo, unha sutil deferencia cara ós pequenos praceres da vida. Ó erguerse cada mañá, facíao con medida calma, coma se daquil xesto fose depender o ánimo do resto do día. Botaba os pés ó sobrado, deixándoos cair no lugar exacto onde deixara as chinelas de raso cor de rosa a noite antes. O doutor aconselláralle levantarse a modo para evitar os vaidos que sufría por te-la tensión baixa. Logo saía á baranda respirar o aire fresco nas mañás de estío, ou nos xélidos menceiros do inverno, húmido sempre, e que para ela tiña o mesmo, vital efecto, que lavar a face con auga fría; -a cada día, *ma puce*, hai que dálle a benvida con xenerosidade, coma se fose o primeiro das nosas vidas, coma se estivesemos nacendo novamente.

O Francés, fora un emigrante coma tantos. Marchara a Francia faguer fortuna que despois invertiu nun *chalet* de liñas modernas e cores vivas, que contrastaban co verde da fraga que as rodeaba, disonantes respecto a armonía granítica que o contemplaba de lonxe, con curiosidade. Ó xubilarse, convencera á muller para trasladarse definitivamente a Galicia, fuxindo do barullo de

París. Poucos anos máis tarde, morría dunha trombose, deixándolle a aquela muller unha casa grande demais, un país que non a recoñecía, e un monte de tempo baleiro para encher co recordo.

-Cette maison c'est devenue trop grande, et ce pays trop petit pour moi, chérie-. Con frecuencia, repetíame aquela frase que remataba nun curto e interrogativo silencio. Mme. Polette fora a miña mestra de francés antes de ir á universidade. Mantiña longas conversas co meu pai, por se-la única persoa con quen podía comunicarse na súa lingua nativa e ser entendida, ou mellor, comprendida. Un pouco por iso, un pouco para matar o tempo, dábame leccións totalmente gratuítas que a miña avó sabía recompensar con verduras frescas e froita de cando en vez, como é costume nesta terra. Gostaba a vella mestra de rillar as cenurias sen lavalas e sen importarse de se alguén o fixera antes.

Algunhas veces, colocaba dúas copiñas cor malva sobre a mesa que enchía seguido dun Muscat doce e fresco, para axudarme coa pronunciación, aseguraba. Correxía con rigor o meu acento sen importarlle tanto a gramática, namentras discutíamos sobre Sartre ou liamos

xuntas párrafos de Victor Hugo, eu sen entender moito, ela escoitándome pensativa, coa ollada perdida nos diminutos vidros dos lentes e traducíndome despois, nunha versión bastante "sui generis" o que viña de recitar: - *il vient à dire, un peut près, ..., logique, non?-*. Con ela souben de Rimbaud, das *Lettres à un jeune poète*, e con ela tamén, descubrín porvez primeira a lexítima veicidade da lembranza e o inevitable da soidade, cando se instala baixo o tácito consentimento da alma.

< (...) Ma puce, Paris sembler-il, peut être, une ville trop grande et trop impersonnelle, si différent de notre Galice. Mais c'est ici, malgré tout, où il habite la moitié de moi même que me manquait si tant là bas, (...). Dans l'attente de nous revoir, soit sage, je reste toujours avec toi, Polette. >

Anos máis tarde, Alex e Sandrine viñeron cumprir co último desexo de súa nai: Mme. Polette pedira ser enterrada "*dans m'adorée Galice, où il habite mon trésor*". Daquil amor, medran hoxe no camposanto flores de cores vivas coma as que antano adornaban o xardín de Mme. Polette.

< (...) Ma puce, Paris sembler-il, peut être, une ville trop grande et trop impersonnelle, si différent de notre Galice. Mais c'est ici, malgré tout, où il habite la moitié de moi même que me manquait si tant là bas, (...). Dans l'attente de nous revoir, soit sage, je reste toujours avec toi, Polette. >



Por Noelia Rodríguez
Colaboradora

Ata acadar o viño

Por **Jcsús Ángel Díaz Estévez**
Ludeiros (Lobios)

Sen dúbida - como dí meu pai - a poda é un arte do que depende o éxito dunha boa ou mala nacementa de viño, xa que falar de colleitas a estas alturas é adiantarse ós días que han pasar antes de chegar á adega para se converter no líquido desexado

A tarefa que desemboca na vendima, para acadar o froito da vide e conseguilo prezado viño que calmará a sede do labrego galego ó longo de moitos meses de traballo a reo nas terras ata recolle-lo froito das mesmas.

Comeza esta tarefa co remate do outono, cando as videiras se ispen das follas, cando as cores bermellas e amarelas caen para formar unha alfombra que se torna marrón case moura, desprotexéndose a árbore do seu pulmón, aletargándoa meses para novamente brotar verde, esplendorosamente viva e tenra.

Namentres, as tarefas non deixan acougo e o viño require unha constante adicación; é tempo de despoxa-las árbores dos cabelos que sobran e que levan meses erguidos ó ar xotando o espazo. Cando o frío xa curtiu ben as vides comeza a poda, semanas de sons nas veigas, de melodía que retumba en cada esquina, metálica, fría, pertináz, unha cantinela que se mete nos oubidos anulando a parsimonia diaria. As tixoiras non acougan, cortan e moldean

a figura retorcida da videira, cómpre ter moita conta de aproveita-las varas máis finas ou femias que son as que despois brotarán os gomos cargados de viño; tamén nesa atención á operación que nos ocupa debemos deixa-los "ollos" que segundo a forza da videira consideremos axeitada, percurando non forza-la árbore, fixando unha concentración de brotes na varas máis sans e robustas, despoxándoa de vellas ramas que atrasen o desenrolo normal. Sen dúbida

- como dí meu pai - a poda é un arte do que depende o éxito dunha boa ou mala nacementa de viño, xa que falar de colleitas a estas alturas é adiantarse ós días que han pasar antes de chegar á adega para se converter no líquido desexado. Aínda que *cada mestrinho ten o seu librinho*, non deixo de recoñecer que a diferenza é substancial entre as videiras que poda un ou outro labrego; novamente recurrido ás sabias frases de meu pai "hai que lle falar á videira", conversar con ela cando a podas, a cal che indica cales son os seus mellores retonos.

Mais a poda vai aparelhada ó atar, que non desmerece o traballo que conleva e o que significa para unha distribución da carga e da expansión da videira, ademais



de protexela dos envites do ar que azoutarán os gomos sen piedade causando grandes destrozos nas árbores que se atoparen libres, ou que non se ataron en condicións. Para atar úsanse os vimios que pola súa flexibilidade son o mellor remedio que nos ofrece a natureza e que se adaptan perfectamente ás necesidades da pranta, sen mordela, nin impedir o seu crecemento natural, pois estes duran un ano - ou dous no mellor dos casos - caíndo rasgados polo deterioro natural ou o simple engrosamento do tronco da árbore. Outros medios máis modernos, coma o atado con tiras de plástico ou calquer outro fio poden danar gravemente a videira, impedindo o seu crecemento e causando feridas nos brazos e ramaxes que conlevarían unha perda de savía co conseguente esforzo extra, incluso conlevando a morte da pranta.

Rematadas estas tarefas de limpeza e feitura das videiras, cando o inverno se despoxa do



seu saio para deixar pasa-los primeiros raios que acariciarán ese manto humido e fumegante, que apurarán o encendido da chama dunha primaveira que despide o inverno agonizante, irrompindo a nova estación que entra con forza para abrazar coa súa luz cada recuncho desexoso de cambiar de cor, de encherse de vida. Asomando os primeiros brotes coa forza do marzo, desatarán ese proceso dunha nova vide, tenra e sabrosa para os depredadores deles que se afanan na súa laboura, co que comencan os primeiros tratamentos para salvar a videira dun dos moitos agresores que a acosan ó longo destes meses de crianza da uva.

Tan esencial é o tratamento coma a limpeza da árbore; cómpre mantela sempre libre de "ladróns" (eses grumos que brotan por calquera parte e que non fan outra cousa que chuparlle-la sabía á pranta), que aínda que resulta doado despóxalos, non menos certo resulta que é un traballo afanoso e chatizo que entretén moito tempo a súa execución.

Outra das tarefas que agradece a videira é a de moverlle a terra; son árbores que gustan das terras lixeiras, traballadas pola man do home, alonxadas de camiños de paso, de regos e de terras moi pesadas, por iso resulta imprescindible facellos "cavadullos" en todolos "arredores" o que novamente entretén o tempo do labrego unha chea de días, mais sen dúbida resulta ser unha das mellores afeitas que se lle dá á pranta, conseguindo con elo osixenar a terra e mais mover as raíces máis superficiais o que axuda ó crecemento do froito. Esta imáxen das leiras sulcadas con longas ringleiras de cabelos negros, impregna o



campo galego dunha vistosidade inigualable, pequenos "cortafogos" que separan o viño dos outros froitos que se recollan en cada parcela.

O abril e maio maio son fundamentais para determinar a colleita; se estes meses veñen fríos, chuviosos ou con moito vento, o dano que inflixen nas árbores será considerable, o que provocará unha grande merma de gromos ou mesmo impide o normal desenrolo do froito. Os factores metereolóxicos son os responsables de que esa uva naza ou non, aínda que ás veces na crenza popular se lle achaque a outros factores sobrenaturais que as uvas non florezan. Por outra banda moito ten que ver a man do home, que cos tratamentos fitosanitarios axeitados, ademais de se preocupar por despuntar as vides que se poidan rasgar con facilidade durante iste periodo pode equilibrar moi ben a colleita.

Nos meses de xuño e xullo o que lle queda ás uvas non é outra cousa que medrar, transformar un minúsculo garabullo nunha fermosa bola verde e dura, seca e aceda, que precisa tempo para cambiar a súa fisonomía e convertirse

nun froito doce e apetecible de cor violetáceo que desprende un cheiro afrutado inconfundible. Nestes meses compre ter conta que o "mildeu" non se apodera do froito, e sulfatar periódicamente ata que xa os vagos comezan a pintar; por Santiago (como dí o refrán "por Santiago pinta o vago").

En agosto comezan a conformar ringleiras de cores vislumbrando unha especie de arco da vella rectilíneo, agarimoso, chatizo. Que atrapa co seu colorido chamándote a que repeniques ises cangallos no que se apretan as uvas, carnosas, cheas de zume, doces e pegañentas, que despiden o paladar cun recio agrio das carabuñas que se esmagan escorrendo pola lingua ata a gorxa, deixando unha sensación areosa na boca, onde pintados os beizos cun azul ocre delatan a entrega o argazo que espido, queda feble desposuído do seu atractivo.

No setembro, cando as follas amarelan e se enrojecen, as uvas acadan ese punto álxido de zure, rematando ese longo camiño dun froito desexado e acariñado antes de nacer, todo

O abril e maio maio son fundamentais para determinar a colleita; se estes meses veñen fríos, chuviosos ou con moito vento, o dano que inflixen nas árbores será considerable, o que provocará unha grande merma de gromos ou mesmo impide o normal desenrolo do froito.

As boas vendimas son aquelas nas que as uvas enxoitas pintan de cores as roupas dos convidados a tan xenorosa festa, son as que pegañentas as mans acariñan cada cacho antes de deposita-lo no cesto, son as que rematan a xornada na adega con cantos populares mentras se pisan, son as que comparten momentos e sentimentos que impregnan os pobos de amizade, de risas e cantos, de comidas sen espantos.

O viño descansará uns meses antes de ser degustado na súa plenitude, aínda que se lle sacaran litros para ir acostumando o paladar ó seu corpo, nunha conxunción de vidas que parellas camiñan nunha nova colleita.

un prodixio da natureza para reconfortar o home.

Mais non rematan as uvas nas videiras no setembro, senón que aínda queda unha non menos laboriosa tarefa que é a da vendima, labourea que afianza as comunidades de veciños, que enche as adegas de constante bullicio e trasego, culminando co esmagado das uvas nesa transformación de sólido en líquido que asulaga os lagares.

As boas vendimas son aquelas nas que as uvas enxoitas pintan de cores as roupas dos convidados a tan xenorosa festa, son as que pegañentas as mans acariñan cada cacho antes de deposita-lo no cesto, son as que rematan a xornada na adega con cantos populares mentras se pisan, son as que comparten momentos e sentimentos que impregnan os pobos de amizade, de risas e cantos, de comidas sen espantos.

Nos anos que corren, todos os procesos que noutrora se facían de modo tradicional coma o carrado en cestos de tiras de madeira que escorrian polas costas ringleiras de zume, o seu depósito nos lagares e posterior pisado unha vez remata a xornada, están agora xa mecanizados, o que supón que xa non se precisa tanta xente para esta enriquecedora tarefa, así como o pisado que agora é substituído por modernas trilladoras, que desfán os cachos en segundos, despoxando os cangallos das uvas, así coma o viño do espírito do home que coidadosamente o pisaba, estruxando ata o último vago que afanaba en fuxir dun lugar que lle corresponde, para o cal medrou e se transformou en pingas que xunguidas encheron valeiras cubas de castiñeiro, no que o repouso as converterán nun insustituíble alimento humano. Mais nesta mecanización perdéronse os momentos das persoas, nos que se afianzaban amizades e proxectos de vida, a cambio de tempo gañado para entregar á soidade, alonxándonos do que somos, xente, xente que precisa da xente para seguir identificándose co que é.

O viño descansará uns meses antes de ser degustado na súa plenitude, aínda que se lle sacaran litros para ir acostumando o paladar ó seu corpo, nunha conxunción de vidas que parellas camiñan nunha nova colleita.

Entre tanto na procura de non desaproveitar nada, queda un

traballo non menos laborioso, que acada resultados sorprendentes, refirome ó augardente que do bagazo desas uvas que desposuídas do zume, transformaránse en vapor para se condensar en inflamable líquido que asemella auga mais é ardente.



Educación con el cine

EL "OFICIO" DE PADRES

El ejercicio de una profesión —ingeniería informática, pilotaje de aviones, medicina...— requiere varios años de preparación —superación académica de una serie de asignaturas, y un cierto número de horas de práctica— antes de obtener el título legal que acredite la capacitación para desempeñarla. Más tarde, nunca deja uno de aprender si quiere mantener, o incluso superar, su competencia profesional.

Paradójicamente, estas reglas apenas rigen para ejercer el oficio de padres, que deben llevar a cabo la difícil tarea de educar a los hijos. Con gran frecuencia, se tienen hijos y se inicia su proceso formativo sin saber cómo ni por qué, dejándose guiar, en cada momento, por el sentido común, la buena voluntad y el recuerdo de las experiencias de la propia infancia, que le marcan a uno para bien o para mal. Por ejemplo, es posible que el hijo de unos padres autoritarios conceda a sus hijos, por reacción, una libertad excesiva, sin pensar que su mala experiencia no garantiza que lo contrario sea mejor para el niño.

Sin embargo, una cuestión tan delicada y de tal envergadura como es la formación de una persona y la orientación de su vida hacia la plenitud no puede ser dejada a la improvisación ni al albur de las buenas intenciones y los impulsos del corazón. Antes del nacimiento, los padres se informan y se preparan para recibir adecuadamente al niño, y después acuden sistemáticamente al pediatra para que los oriente en la forma de acompañar su crecimiento físico. Del mismo modo, es necesario que se formen para ser capaces de lle-

var adelante con acierto la ingente y maravillosa labor de educar a los hijos. Su amor oblativo es condición indispensable para el equilibrio afectivo de los niños, pero, aun siendo lo más importante, no es suficiente, pues la misión de educador exige una buena preparación, como corresponde a cualquier empresa de alto rango y responsabilidad.

Actualmente existe una gran preocupación por las costumbres de muchos adolescentes respecto del alcohol, las drogas, la promiscuidad sexual, el fracaso escolar, los comportamientos violentos... Nos lamentamos y buscamos mil soluciones para ese grave y doloroso problema social y humano que afecta a un gran número de familias. Pero la única fórmula realmente eficaz, y en esta cuestión el acuerdo es unánime, es la prevención, es decir, la formación integral del niño, desde la infancia.

Así pues, uno de los grandes retos de los educadores consiste hoy en enseñar a niños y jóvenes a distinguir lo noble de lo vulgar en medio de ese caos espiritual, con criterios claros y bien fundamentados, para que sean capaces de discernir y neutralizar la terrible influencia del entorno.

La inquietud por esta realidad me llevó a escribir el libro *Educación con el cine*¹, que ofrece el comentario de 22 películas apropiadas para distintas edades, e incluye un guión de sugerencias para la reflexión y el diálogo. Dicho libro quiere servir de apoyo para padres, profesores, especialmente tutores, animadores de grupo, sesiones de cineforum...

Efectivamente, el cine puede ser un instrumento valiosísimo para la función educativa si es utilizado con un método pedagógico adecuado.

Entonces, la imagen cinematográfica se convierte en una verdadera escuela de formación ética, capaz de orientar debidamente a los jóvenes sobre cuestiones de gran trascendencia para su proceso vital.

Un guión cinematográfico presenta el desarrollo de una acción protagonizada por unas personas. Ahora bien, el comportamiento del ser humano, aunque a veces parece inexplicable, en realidad, no es accidental, sino que está regido por una lógica interna que escapa al control de la persona. La única forma de imponerse a ella es el cambio radical de actitud. Gwen, la joven protagonista de la película *28 días*, asegura con rotundidad: "Yo controlo", refiriéndose a su adicción al alcohol. Ella misma no se da cuenta de lo insensato de su afirmación, porque se había entregado a un proceso de vértigo que la superaba y la destruía sin que ella pudiera "controlarlo". Sin embargo, es capaz de reaccionar y, con enorme esfuerzo, cambia totalmente su actitud egoísta de búsqueda exclusiva de gratificaciones inmediatas por la apertura generosa a los demás. Esto la salva como persona.

Es erróneo suponer que el espectador recibe pasivamente la película, por el hecho de que no capta explícitamente los rasgos como los que acabamos de comentar, porque el mensaje le llega aunque él no se percate de ello. No tenemos más que prestar atención a nuestras propias reacciones ante la pantalla: nos alegramos, reímos, sentimos temor, angustia, pena hasta llorar... El espectador entra en intensa relación con los conflictos de la pantalla porque, de alguna manera, se identifica con ellos, se adentra en la historia y forma parte personalmente de ella, en lo más recón-

Uno de los grandes retos de los educadores consiste hoy en enseñar a niños y jóvenes a distinguir lo noble de lo vulgar en medio de ese caos espiritual, con criterios claros y bien fundamentados, para que sean capaces de discernir y neutralizar la terrible influencia del entorno.

La imagen cinematográfica se convierte en una verdadera escuela de formación ética, capaz de orientar debidamente a los jóvenes sobre cuestiones de gran trascendencia para su proceso vital

Ver juntos una película o leer un cuento y comentarlos luego con calma, es un buen recurso para ayudar al niño a profundizar en temas humanos de gran calado, reflexionar sobre la lógica interna de un proceso vital, analizar las consecuencias de ciertas actitudes, y discernir qué supone y qué exige alcanzar la plenitud personal y la auténtica felicidad

La tercera entrega de *El Señor de los Anillos –El Retorno del Rey–*, así como *Pinocho* y *El show de Truman*, son buenos instrumentos pedagógicos para que los jóvenes adolescentes descubran los mensajes manipuladores –subliminales o toscos– que reciben diariamente.



Por Mª Ángeles Almacellas
Escuela de Pensamiento
y Creatividad
angeles01@grupobbva.net

dito de sus propios gustos, anhelos, deseos y temores. En este sentido, el buen cine nos permite realizar una experiencia humana profunda que en la vida real tal vez nos costaría años.

Enseñar a un niño a interpretar la historia que se desarrolla en la película es enseñarle a interpretar la vida, a conocer hondamente al ser humano y, con ello, le hacemos capaz de prever las consecuencias de sus propias actitudes y decisiones.

EN EL ÁMBITO DE LA FAMILIA

No es fácil, a menudo, encontrar una buena ocasión para hablar con los hijos de cuestiones formativas, oír sus opiniones, sus dudas e inquietudes, analizarlas con ellos y facilitarles claves de orientación.

Ver juntos una película o leer un cuento² y comentarlos luego con calma, dedicándoles todo el tiempo necesario, es un buen recurso para ayudar al niño a profundizar en temas humanos de gran calado, reflexionar sobre la lógica interna de un proceso vital, analizar las consecuencias de ciertas actitudes, y discernir qué supone y qué exige alcanzar la auténtica felicidad. Es una labor que conviene empezar muy pronto, con los primeros cuentos que se le explican y las primeras películas infantiles que ve, porque el diálogo y la confianza del adolescente con sus padres no se pueden improvisar, sino que son el fruto de una relación personal fluida cultivada desde la infancia. No podemos pretender que, en la adolescencia, cuando empiezan los conflictos, nuestros hijos dialoguen, nos hagan confidencias, nos pidan consejo y nos escuchen si, previamente, no hemos creado con ellos una relación de encuentro comprometido. Si para el niño lo natural es tener espacios habituales de reflexión con sus padres, las confidencias del adolescente surgirán, llegado el momento, de forma espontánea.

Comentar el drama humano que late en el tema profundo de una buena película es magnífica ocasión para que el niño deje traslucir sus dudas y sus inquietudes, sus vacilacio-

nes y sus miedos, y los padres le puedan orientar hacia su maduración y desarrollo personal.


Películas tan amables como *Hermano Oso*; *Dumbo*; *Babe, el cerdito valiente* o *Hércules*, debidamente analizadas, ponen de relieve el valor del esfuerzo tenaz para alcanzar metas valiosas, y enseñan que lograr una vida feliz implica, paradójicamente, adoptar una actitud generosa y colabora-

Per altres referències documentals del segle XVII i el testimoni de diversos cronistes de l'època, sabem que la capella era propietat dels paers de la ciutat. En el seu interior es venerava un antic retaule dedicat a Sant Jaume, tot fen memòria d'una antiga tradició que assenyala que fou en aquell indret, que havia estat una antiga hostatgeria, on l'apòstol Santiago va hostatjar-se en la seva estada a Lleida i on predicà per primera vegada la Bona Nova als lleidatans.

En l'actualitat la capella s'obre una vegada a l'any, en la tarda-vespre del 24 de juliol, amb ocasió de la festa i Romeria dels Fanalets de Sant Jaume per a celebrar-hi una Missa, en honor del Sant dels Fanalets. En el seu interior es venera una imatge de l'Apòstol vestit de pelegrí, col·locada en el centre del petit retaule, i a banda i banda les de Sant Josep i Sant Antoni de Pàdua.

DE CAPELLA A CAPELLA

Antigament era costum que els infants, tot arribat el capvespre de la vigília de Sant Jaume, el 24 de juliol, sortissin al carrer amb fanalets encesos

i anessin de capella a capella, és a dir de Can Serra al Peu del Romeu, tot rememorant d'aquesta guisa el trajecte que segons ens diu la llegenda feta tradició, feu Sant Jaume en el seu pelegrinatge apostòlic a casa nostra.

Amb el pas del temps, aquella corrua desorganitzada i espontània d'infants portant fanalets de llum i colors a les seves mans de capella a capella, esdevingué el que avui coneixem com Romeria dels Fanalets de Sant Jaume. D'alguna manera el romiatge que surt actualment de la Rambla de Ferran davant l'església del Carme el vespre del 24 de juliol, continua fidel a la tradició, anant tanmateix de capella a capella, tot i que l'indret d'inici i de cloenda supera amb escreix el trajecte que segon es tradició seguí l'Apòstol Jaume.

Amics del Centre Galego, sigueu sabedors de l'existència a Lleida d'aquest altra capella dedicada al Patró d'Espanya i de Galícia, que a la nostra ciutat és venerat al Peu del Romeu i a Can Serra.

Totes dues són un important punt de referència de la tradició Xacovea a casa nostra.

Por **Jordi Curcó i Pueyo**
Historiador de la Cultura
Popular i Tradicional

EDICIÓ DE 6.000
TRÍPTICS
DIVULGATIUS DE
LA TRADICIÓ I
FESTA DELS
FANALETES DE
SANT JAUME

L'Agrupació
Ilerdenca de
Pessebristes, amb
motiu del darrer
Any Sant
Compostelà, ha

editat un
interessant tríptic
divulgatiu de la
tradició i festa
dels Fanalets de
Sant Jaume.

L'edició, a tot color, ha estat patrocinada per la Diputació de Lleida mitjançant la seva Impremta Provincial, que s'ha fet càrrec de la impressió.

El tríptic, que porta com a títol "Els Fanalets de Sant Jaume. Festa tradicional, popular i religiosa de Lleida", ofereix

una àmplia informació sobre la llegenda de l'espina que el Sant es va clavar a Lleida, els orígens de la Romeria dels fanalets així com referències històriques de les dues capelles dedicades a Sant

Jaume. Inclou, a més a més, la música i la lletra de la tradicional cançó dels Fanalets de Sant Jaume i diverses

fotografies de Jordi Gómez, que el fan molt més atractiu i adient.

En total han estat editats 6.000 exemplars

A aquesta primera edició en català li seguirà un altre en castellà, que serà editada properament

As árbores

Unha trampa na que teñen perdido a vida moitos usuarios das nosas estradas.

INTRODUCCIÓN

Tra-la asombrosa e escultural beleza natural dunha árbore, en multitude de ocasións, os usuarios das nosas estradas teñen atopado a morte, a dor dunhas lesións irreversibles ou cando menos, gravísimas lesións.

Por outra banda e noutras ocasións, a mesma árbore ten servido de soporte para a máis angustiada expresión de dor, mantendo o peso dunhas flores que por si só, constitúen exemplo de debilidade e ineficacia dun sistema.

No ano 2000, segundo as estatísticas oficiais, máis de 400 persoas engrosaron as cifras de vítimas mortais e case 5500 resultaron feridas de diferente consideración como consecuencia de producírense a saída da vía e posterior choque contra árbores, postes, muros e edificios.

Pero continuando co exemplo, sempre frío destas cifras, en circunstancias similares, como consecuencia da saída da calzada con posterior colisión, no ano 2002 atopámonos cun total de 9413 accidentes dos que se obtivo un resultado de 940 persoas falecidas, 3644 feridas graves e 9897 feridas leves. E que me perdoe o lector sorprendido se digo feridas e non feridos no afán de converter o número en persoa, e humanízala cifra.

Este triste balanço lévanos a pensar na escasa sensibilización, en canto a conceptos, como a seguridade pasiva, á hora de construír ou manter unha estrada. Nembargantes, para entender a situación actual vexamos qué papel teñen xogado, na nosa sociedade, a moral, a lóxica e a Lei dos poderes públicos.

A primitiva razón de ser da implantación de superficies



Ano 1962. Faleceu unha persoa e houbo un ferido grave. A pesar das esixencias do Decreto 1188/61 as árbores seguían a perxudic-la seguridade vial. Foto cedida polo Brigada Juan Manuel Torres

arboradas, no entorno da vía, soportaba a súa máis irrefragante lóxica na procura de proporcionar sombra ó viaxeiro e ás cabalerías, máis adiante engadíanse argumentos como sostén e firmeza do entorno e incluso a guía do usuario. Pero hoxe en día, parece descabellada a ubicación de superficies arboradas no entorno inmediato da aresta exterior da explanación, nembargantes, a pesares de todo, aínda co constante exemplo de lesividade en caso de accidente, seguen existindo estas auténticas trampas mortais sen apelar a ningún tipo de lóxica consistente, excepto, claro está, a imaxe e a súa influencia no impacto ambiental. ¿Pode acaso vulnerarse o dereito á seguridade antepoñéndoo ó dereito de disfrutar da fermosura da imaxe dunha árbore?, vexamos pois cal ten sido a evolución histórica dos criterios e o seu entorno legal.

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO PENSAMENTO DOS PODERES PÚBLICOS.

No século XVIII, aló polo ano de 1785, un 18 de outubro, ordenouse ó traveso do Real Acordo, o cumprimento, dunha instrución de camiños que no

seu artigo 14 establecía a plantación de fileiras de alamedas a ámbalas dúas marxes nos camiños reais que entraban e saían das cidades, cabezas de partido e os seus paseos.

Pero é o 6 de xullo de 1900 cando un Decreto regula o arborado das estradas e o seu mantemento, establecéndose de forma específica no seu artigo 9, a forma de reposición das árbores perdidas e no seu artigo 29, encadrado dentro do capítulo V sobre aproveitamentos parciais accidentais, as árbores que convén retirar da estrada e a forma de ser aproveitados publicamente. Como é lóxico, en ningún dos seus 30 artigos, o Decreto apela á seguridade vial, non obstante, temos que recoñecer que por aquel entón, en España atopábanse matriculados tres automóbiles de catro rodas e o resto dos medios de transporte amparábanse na tracción animal do propio condutor (carruaxes, bicicletas, carros, etcétera...), que indubidablemente agradecían a sombra brindada.

O 13 de decembro de 1909, o Consello de Ministros someteu a aprobación Real un Regulamento de Policía e Conservación de Estradas, redactado pola Dirección Xeral de

No ano 2000 máis de 400 persoas engrosaron as cifras de vítimas mortais e case 5500 resultaron feridas de diferente consideración como consecuencia de producírense a saída da vía e posterior choque contra árbores, postes, muros e edificios.

A primitiva razón de ser da implantación de superficies arboradas, no entorno da vía, era proporcionar sombra ó viaxeiro e ás cabalerías, máis adiante engadíanse argumentos como sostén e firmeza do entorno e incluso a guía do usuario.

No ano 1944 o Consello de Ministros aprobou un Decreto co obxectivo de fomentar a implantación de arborado nas estradas do Estado. Este Decreto, nos seus motivos e articulado, constitúese actualmente como exemplo da carencia formativa sobre o problema do tráfico da primeira metade do século XX.

No 1961, mediante o Decreto 1188/61, abórdase o tema das plantacións ó longo das estradas, ó obxecto de evitar as plantacións que representen un perigo para o tráfico ou que ocasionen danos nas estradas ou os seus elementos complementarios



Ano 1962, faleceu unha persoa e outras 3 resultaron feridas graves. Este é un dos moitos exemplos de choques contra árbores na década dos sesenta. Foto cedida polo Brigada Juan Manuel Torres.

Obras Públicas, previo informe do seu consello, en substitución do que rexía dende o 19 de xaneiro de 1867. Este Regulamento, que entraría en vigor o 1 de xaneiro do 1910, dicía no seu artigo 4 que sen permiso da Autoridade Local, e previo o recoñecemento do enxeñeiro, e con arranxo ás condicións que se fixaran polo interese á estrada, non se poderían cortar as árbores situadas a menos de 25 metros da mesma, nin sería permitido arranca-las raíces que impidiran a caída de terras dentro dela. Co prexuízo de que os contraventores incurrirían nunha multa dunha peseta por cada árbore ou tocón que arrancarían, e ademais, costearían as obras precisas para evitar danos ulteriores.

Pero é no artigo 6 cando este texto legal alcanza a súa máis absoluta contundencia ó obxecto de garantir o respecto ás infraestruturas e arborado das marxes do camiño ou estrada fixando textualmente, entre outras cousas, que *"el que intencionadamente rompa o cause danos .../... así como en*



Ano 1962. Neste accidente resultaron feridas 6 persoas. Nesta época era moi habitual encontrar filas de árbores que discurrían entorno á carretera. Foto cedida polo Brigada Juan Manuel Torres.

el arbolado plantado en los márgenes del camino.../... se le denunciará al Juzgado á fin de que sea castigado con arreglo al Código Penal."

Nembargantes, no seu segundo párrafo, o texto previa ou tiña en consideración a fiabilidade humana, determinando que a involuntariedade no feito que causaren os danos ou avarías, deixaría somentes obrigado ó usuario á reparación á súa costa.

Máis adiante, xa entrado o ano 1944, dez anos despois da publicación do Código de Circulación e cinco anos despois da finalización dunha inesquecible guerra civil que enfrontou ás dúas Españas, o Consello de Ministros, a proposta do Ministerio de Obras Públicas, un 27 de xullo, aprobou un Decreto co obxectivo específico de fomentar a implantación de arborado nas estradas do Estado, argumentando que a dureza do clima nalgúns rexións, a mala calidade do chan noutras, a escaseza e carencia de auga e a falta de cultura e amor á árbore por parte dalgúns usuarios e colindantes dos camiños, eran a causa de que o arborado non prosperara na medida que fora desexable, e que o moderno tráfico das estradas imperiosamente esixía.

Este Decreto, nos seus motivos e articulado, constitúese actualmente como exemplo da carencia formativa sobre o problema do tráfico da primeira metade do século XX.


A intención era clara, no prazo máximo de cinco anos, deberían quedar totalmente repoboados tódolos camiños nacionais e tramos de estrada de nova creación, estendéndose na parte que fora posible ás estradas comarcais e locais coa colaboración da Garda Civil, que debería velar ó traveso da vixilancia e cumprimento do Regulamento de Conservación e Policía de Estradas por estas zonas arboradas, na compañía do Corpo de Camineros do Estado, e o Corpo de vixiantes de Estradas e axentes municipais atendendo ó contido do artigo 4º.

Por outra banda, é certo que o artigo quinto prantexaba a posibilidade de tallar unha árbore, previa orde ou autorización da Xefatura de Obras Públicas, ante o estorbo ou perigo para estrada ou tránsito, pero non é menos certo que o concepto de perigo do momento non tiña en conta, entre outras cousas, o problema da inseguridade pasiva da vía.

De novo no verán do 1961, mediante o Decreto 1188/61, abórdase o tema das plantacións ó longo das estradas, actualizando a normativa anterior e os novos criterios, ó obxecto de evitar as plantacións que representen un perigo para o tráfico ou que ocasionen danos nas estradas ou os seus elementos complementarios, diminuíndo así, a vida do firme ou provocando a aparición de vaches e deformacións que encarecerían a conservación das estradas.

E dicíanos que se evitaría, sempre e de forma sistemática, que esas plantacións no entorno da estrada, puideran ser causa de limitación do gálibo, de diminución da visibilidade esixida, do perigo para o tráfico ou de dano ou estorbo para os distintos elementos que compuñan a estrada.

Temos que recoñecer, que neses momentos de desenrolo das novas estratexias e tecnoloxías de construción, as plantacións ó longo das estradas e na súa zona de servidume, constituíanse como un medio para conter taludes, evitar erosións, orientar o tráfico e proporcionar zonas de sombra, ou de orde estético, como elemento embelezador da paisaxe e da integración da estrada na mesma.



No momento actual os tramos das autopistas están rodeados de árbores no seu entorno. Temos que darnos de conta da inexistencia de elementos de protección e contención de vehículos.



Ano 2004. Unha persoa falecida tras sufrir un accidente, fixo que o do familiar se exprese sobre a propia árbore que tomou parte pasiva no accidente.

Hoxe existen no noso entorno viario infinidade de trampas mortais para os usuarios das nosas estradas, ocultas trala beleza natural dunha árbore

Sen embargo, a propia administración xa comezaba a prantexarse os problemas do arbolado no entorno da estrada, propio da evolución e demanda do momento circulatorio.

O MOMENTO ACTUAL

Pero é no ano 1963, cando se aproba a Instrucción de Estradas 7.1-IC sobre "Plantaciones en las zonas de servidumbre de las carreteras", ó traveso da Orde do 21 de marzo e, mantendo a mesma funcionalidade que a dos anos anteriores, establece unha serie de principios xerais ós que deberán axustarse, e digo deberán, porque na actualidade continúa en vigor.

O primeiro destes principios fálanos da seguridade do tráfico, e dita textualmente: "La disposición y calidad de una plantación deberá ser tal que no represente riesgo inmediato de choque por un eventual despiste de los vehículos que circulan por la carretera" e continúa con outros principios como:

- Permanencia do gálbo.
- Orientación do conductor.
- Visibilidade.
- Soleamento.
- Conservación mecanizada.
- Estética da paisaxe.

Pois ben, a data de hoxe, corenta anos despois, existen no noso entorno viario infinidade de trampas mortais para os usuarios das nosas estradas, ocultas trala beleza natural dunha árbore. Con isto non estou avogando por unha destrución do entorno natural da estrada, se non pola aplicación sistemática dunha marxe física de seguridade pasiva á vía ou pro-

tección dese entorno agresivo e lesivo polos medios técnicos aprobados e homologados dentro do entorno legal (TD-1, TD-2, etcétera...)

Por outro lado, sigo sen ser capaz de entender qué fai un piñeiro a 50 centímetros da aresta exterior da explanación (dentro da zona de dominio público), nunha autopista, ou outro tipo de incidencias, que lle teñen costado a vida a infinidade de usuarios.

Todo elo, cando o Regulamento Xeral de Estradas (aprobado por R.D. 1812/1994, de 2 de setembro), no seu artigo 94, ó regula-las condicións para o outorgamento de autorizacións fóra dos tramos urbanos, establece, entre outras, esta norma: "a) Plantaciones de arbolado. Sólo se podrán autorizar en zonas de servidumbre y afeción, siempre que no perjudiquen a la visibilidad en la carretera, ni a la seguridad de la circulación vial". Para concluir, despois deste breve desenrolo legal e social, certo é que cada quen debe


chegar ás súas propias conclusións, pero parece obrigación moral, dende a propia experiencia que a prestación do servizo na estrada nos proporciona a tódolos compoñentes da Agrupación, que presente a miña en arras á construción dun entorno que favoreza a seguridade vial nas súas dúas vertentes: a súa seguridade activa e as medidas paliativas.

Así pois, son da opinión de que non se deben implantar arborados na zona de dominio público, por moral e lei, e se ben o cálculo econométrico para a retirada do existente pode prexudicar as arcas do tesouro público, a implantación de sistemas homologados de contención e defensa paliará a situación e xerará maior credibilidade no sistema.

Nembargantes e definitivamente, para terminar, os accidentes de tráfico en España supoñen tódolos anos un desgaste económico aproximado de 16 mil millóns de euros; chegando aínda máis lonxe, pensemos por un momento ¿Qué prezo ten a vida?

¿Qué fai un piñeiro a 50 centímetros da aresta exterior da explanación (dentro da zona de dominio público), nunha autopista, ou outro tipo de incidencias, que lle teñen costado a vida a infinidade de usuarios?

Os accidentes de tráfico en España supoñen tódolos anos un desgaste económico aproximado de 16 mil millóns de euros



Por Juan Carlos Toribio Ramos
Guardia Civil especialista en tráfico, seguridade e educación vial.

El món que ens envolta

Por **Albert Suevos Guillamet**
Socio do Centro Galego de Lleida

La vida és massa còmoda. Tenim aigua en abundància, forma part de la nostra vida però no la valorem suficientment: contaminem els rius a diari, igualment els mars, també esgotem aqüífers (reserves subterrànies d'aigua)...

Vivim en un món envaït per la tecnologia. Aquesta invasió és positiva si considerem totes les comoditats que ens aporta. Això fa més fàcil la nostra vida. Però, val la pena dur una vida fàcil a canvi d'acabar amb el món lentament?

Gràcies als avenços tècnics i tecnològics podem estar comunicats, informats... lligats al món allà on siguem. Internet o aparells com la televisió o el telèfon ens ho permeten.

Però, si ens fixem, estem envoltats de ferralla que ens fa tot molt fàcil. És per aquest motiu que no valorem tot allò que tenim. La vida és massa còmoda.

Tenim aigua en abundància, forma part de la nostra vida però no la valorem suficientment: contaminem els rius a diari, igualment els mars, també esgotem aqüífers (reserves subterrànies d'aigua)... Té un límit la nostra acció?

Seriem capaços de viure sense aigua?

Si continuem així l'home es matarà a ell mateix. Però abans matariem la terra. Crec que som molt egoistes. No és just privar del món a les generacions que queden per viure. Tots els sentiments que ens fa viure la terra, totes les emocions que en

poden provocar paisatges, olors... això no té preu. És molt injust que moltes persones puguin deixar de viure aquests sentiments perquè nosaltres matem la terra.

Per tots aquests motius m'agradaria que valoréssiu el que teniu i penséssim en el nostre voltant (físic i humà). Reflexionem-hi, si us plau.



El futbol

Un negoci de tots

Vulguem o no, segur que hem contribuït algun cop amb el gran negoci del futbol.



El Futbol és, per a la majoria de gent, una afició, un joc. Però a l'hora de la veritat el futbol és un gran engranatge econòmic on tots estem involucrats.

Vulguem o no, segur que hem contribuït algun cop amb el gran negoci del futbol. Reflexionem: qui no ha comprat mai un producte

que utilitzi la imatge d'un club o un futbolista com a reclam?

Perquè gràcies al futbol existeixen moltes empreses: televisions, premsa especialitzada, marques de roba esportiva, etcètera. Aquí entrarien també comerciants anònims situats al voltant dels estadis o bars on es veuen tots els partits per satèl·lit, per exemple.

Però el futbol arriba més enllà. Infinitat d'empreses utilitzen futbolistes per anunciar-se. La imatge de futbolistes s'utilitza per anunciar colònies, ulleres, roba, videojocs, begudes,

companyies telefòniques, cotxes...

A més, existeix un mercat clandestí darrera. Cada cop és més gran el nombre d'empreses que es dediquen a falsificar o imitar productes oficials.

Podem dir aleshores que el futbol és un gran motor econòmic que dona treball a molta gent i diners a moltes famílies i empreses. Això beneficiarà la nostra economia. Aquest podria ser un dels motius pels quals el futbol és tan present en la nostra societat.

Dedicat als meus pares.

MEMORIA de ACTIVIDADES desenvolvidas polo CENTRO GALEGO DE LLEIDA perante o ano 2004

FEBREIRO

17-02-04

Comezouse o ano coa "Semana Cultural", na que tivemos un concerto de Acordeón impartido por *Elizabeth Zapater Traveset*, cun repertorio de 20 pezas que fixo a ledicias de tódolos asistentes e que tivo que ofrecer en dous actos, diante dun numeroso público que abarrotaba os locais sociais da nosa Entidade. Foi moi aplaudida e eloxiada por todos e despedímonos coa degustación dun aperitivo con produtos típicos galegos acompañado de viño ribeiro.

18-02-04

Como cada ano "*Concurso de Debuxo para os nenos do Centro*", os traballos atópanse publicados nesta nosa revista Xurdimento. Os nenos e os seus acompañantes convidáanse a unha succulenta chocolatada o final de acto.

19-02-04

O noso amigo, colaborador, escritor e poeta *Joan Bellmunt i Figueras* impartiu unha conferencia baixo o título "*Calendari Tradicional de les Comarques de Lleida*", que anemizou a todo o público asistente, que se amosou moi interesado no tema desenvolvido e agasallou ó conferenciante cos seus aplausos e felicitacións. Coma sempre, este acto despediuse coa degustación dun pequeno aperitivo galego ben acompañando de bon viño de denominación de orixe galega.

20-02-04

Fíxose a presentación do nº 17 desta nosa revista Xurdimento. A presentación correu a cargo do Ilmo.Sr.Presidente da Deputación don *Isidre Gavin i Valls*, que amenizou a tódolos asistentes, que enchían o salón de actos da nosa Entidade, coa súa disertación. Aproveitouse o acto para facerlle entrega da "*Medalla de Ouro*" do Centro Galego o conferenciante, que lle foi imposta polo noso Presidente don *José Terceiro*. Ó acto asistiron, entre outras moitas personalidades, o Presidente da Federación de Casas Rexionais de Lleida,

don Cosme García, o Rexedor do Concello de Lleida Sr. Pané, colaboradores tamén desta nosa publicación.

22-02-04

Ás 11.30 celebrouse a Santa Misa na Igrexa Parroquial de Sant Jaume, interpretando a nosa "Coral Cengallei" a parte cantada da mesma. Despois, como ven sendo habitual celebrouse a Asemblea Xeral Ordinaria, e ás 14h rematouse a Semana Cultural cun xantar de irmandade.

MARZO

07-03-04

Celebración anual da tradicional "*Matanza do Porco*", na partida de Granyena de Lleida, coa asistencia de máis dun cento de persoas, entre socios, simpatizantes e autoridades locais, entre as que cabe destacar a Rexedora do Concello Sra. Montse Parra Albá, en representación do Sr. Alcalde, o Sr. Tomás Pujol i Castells, delegat de Benestar Social e o Sr. Antoni Chico i Purroy de CIU.

27-03-04

O sábado 27 de marzo celebrouse o **DÍA DA CONFRARÍA DO CENTRO GALEGO DE LLEIDA**, coa asistencia ó Acto da Congregación co rezo da "Coroa Dolorosa" no Oratorio da Nosa Señora das Dores, e a continuación a Santa Misa cantada pola nosa Coral Cengallei.

28-03-04

Un ano máis celebrouse a tradicional "*Calçotada*" na Ermita de Granyena, asistindo á Misa cantada pola nosa "*Coral Cengallei*" e posteriormente, en xantar de irmandade degustación de calçots e tamén alubias con chourizo, e de postre tarta de Santiago. Este acto é un dos máis concorridos polos nosos socios e simpatizantes, así como tamén unha nutrida representación de autoridades. Este ano tivémo-la honra de contar coa presenza das seguintes: Ilmo.Sr. Alcalde don Angel Ros i Domingo, Sr. Rexedor de





Participació Ciutadana don Francesc Pané i Sans, Ilmo.Sr.Presidente da Deputación don Isidre Gavín i Valls, dona Anna Balaña i Brugulat en representación de CIU, o Presidente da Casa de Castela e León Sr. Quevedo, así como tamén dous representantes do Centro Cultural "Airiños da Nosa Galiza" de Santa Coloma de Gramanet.

ABRIL

01-04-04

A nosa **Coral Cengallei**, dirixa por dona **Rosa González Mahía**, participou, convidada xunto coas corais da nosa cidade e a Banda Municipal de Lleida, no concerto desenrolado no Auditori "Enric Granados" a beneficio das persoas máis pobres da terra, baixo o lema "Cantem contra la fam".

04-04-04

Este **Domingo de Ramos**, asistimos á Procesión das Dores, acompañando ó paso da Santa Cea, como ven sendo habitual cada ano polas datas da Semana Santa.

09-04-04

Participación na Procesión do **Venres Santo**, acompañando o paso do Ecce Homo, con asistencia de numeroso público que abarrotaba as rúas polas que transcorría a mesma.

13-04-04

A **Vocalía da Muller** organizou unha charla-conferencia sobre o "**Aloe Vera**" e as súas múltiples aplicacións e propiedades terapéuticas.

18-04-04

Outro ano máis celebración da "**VII FESTA DO PULPO**", no Pavelló Blau dels Camps Elisis de Lleida, e perante a que se cociñaron a considerable cantidade de 200 quilos do cefalópodo ó que se refire a festa, traídos expresamente de Galicia, concretamente A Coruña. A pulpada consiste en racións de polbo con patatas, pan e viño galego, que se chegaron a servir a máis de 300 comensais. O obxectivo é promocionar os nosos produtos galegos, como preludeo e avance da Festa Major de Lleida, na que tamén participamos cun "stand", precisamente na verbena do 8 de maio. A este acto asistiron diversas autoridades locais, como o Ilmo.Sr.Alcalde, o Rexedor de Cultura Sr.Saez, o Rexedor de Participació Ciutadana Sr.Pané e tamén as Rexedoras dona Montse Parra e dona Pilar Castillo. A abundante participación cidadana fainos ter máis impulso para seguirmos con esta teima outro ano máis.

21-04-04

O Rexedor de Participació Ciutadana, Sr.Francesc Pané, en representación do Excmo.Concello fixo cesión á Federación de Casas Rexionais de Lleida, dun local municipal sito no Casal de Balafia, que consta de despacho-oficina e unha sala de xuntas para atende-las necesidades burocrático-administrativas da Federación. Asistimos á entrega xunto

co resto de compoñentes da Federación.

22-04-04

Convidados pola **Directora Xeral de Turismo da Xunta de Galicia**, asistimos o acto que tivo lugar na Finca Prats, de Lleida, desenvolvido por Turgalicia, como presentación da oferta efectuada ás axencias de viaxe con motivo do Xacobeo 2004, coa finalidade de atraer a millerios de peregrins e visitantes que se atoparán cun programa lúdico, festivo e cultural tan variado que se teñen previsto realizar nada menos que 3000 actividades en todo Galicia.

MAIO

08-05-04

Participación da nosa Casa cun "Stand" na verbena dos **Camps Elisis de Lleida**, na que se ofrecen diversos e variados produtos típicos galegos (empanada, lacón, queixo, chourizo, pulpo, sardiñas, viño, tarta de Santiago...). O bon tempo reinante permitiu que saíran milleiros de lleidatáns a visitar a verbena e aproveitaron para degustar as nosas viandas coas que acadamos un éxito máis, como cada ano.

08-05-04

Actuación do noso **Grupo Xurdimento**, acompañando o grupo da Asociación Cultural Galega "Rosalia de Castro" de Cornellà de Llobregat (Barcelona), na praza de Sant Jaume ás 19h, dentro da programación dos actos da **Festa Major de Lleida**. O numeroso público asistente coreou e aplaudiu moitas das pezas interpretadas e as autoridades asistentes felicitaron ós actantes, disfrutando todos da mostra do noso folclore.

09-05-04

O Centro Galego de Lleida, como cada ano, participa nesta **Festa local de Moros e Cristianos**, coa participación explícita da nosa **Vocalía da Muller**.

11-05-04

Representando aos galegos fíxose a Ofrenda de Flores ó Patrón San Anastasio. A nosa Casa Rexional, como cada ano, os compoñentes do Grupo Xurdimento vistidos co traxe da nosa terra, acompañados de varios membros da Xunta Directiva, socios, amigos e simpatizantes fíxemos a "**Ofrenda anual ó Patrón da cidade**".

XUÑO

05-06-04

VIII XUNTANZA DE COROS GALEGOS DE CATALUNYA. Xa vai por 8 anos que levamos facendo esta Xuntanza de Corais Galegas en Catalunya, e nesta ocasión celebrouse no Conservatorio Municipal de Música, na rúa Bruc, 110 de Barcelona.

As corais asistentes foron: Lonxe da Terra, do Centro Galego de Barcelona; Coro Universitario Galego de Barcelona; A Nosa Galiza de Irmandade A Nosa Galiza de Mollet del Vallés; Coral Cengallei, do Centro Galego de Lleida e como Coral convidada "Cor Juvenil" do Conservatorio de Barcelona.

O concerto tivo unha asistencia moi numerosa, que se mantiveron moi engaiolados coas diferentes interpretacións



Este evento finalizouse coa celebración duna cea de irmandade entre tódolos componentes das corais e os seus acompañantes.

12-06-03

“Día das Letras Galegas” en Lleida. Organizado polo noso Centro, como cada ano, no Institut d’Estudis Ilerdencs. As actividades centráronse nunha conferencia impartida pola nosa colaboradora e profesora dona **Pura Salceda Carballeda**, que disertou sobre a figura de **Xoaquín Lourenzo Fernández**. A continuación actuou a Coral Cengallei, que realizou un recital literario sobre a obra do antedito personaxe, e interpretou algunhas pezas musicais, moi axeitadas para o momento. Tivémola honra de contar con varias autoridades locais e autonómicas, entre as que destacamos a 1ª Tinent d’Alcalde dona María Burgués, o Rexedor de Participació Ciutadana don Francesc Pané, dona Conchita Tarruella de CIU, así como diversos representantes das Casas Rexionais de Lleida.

Os actos remataron cunha cea de irmandade nos locais sociais do Centro.

28-06-04

As cinco **Casas Rexionais de Lleida** uníronse ó redor da poesía para ofrecer un espectáculo de poemas musicais, no Teatre Municipal de L’Escorxador da nosa cidade, celebrado ás vinte horas. Organizado pola Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida, coa participación de varios rapsodas, recitadores e poetas, acompañados de diferentes músicos e compositores. O acto contou con moito público asistente que disfrutaron e aplaudiron con fervor e entusiasmo as diversas interpretacións que ofreceron os autores e actores.

XULLO

23-07-04

Seguindo coa tradición anual, coincidindo coa festividade do **Apóstolo Santiago**, celebramos unha cea en honor do noso Santo Patrón. A numerosa asistencia de socios, amigos e simpatizantes coincidiron na boa sintonía e satisfacción desta celebración.

SETEMBRO

19-09-04

Festividade de **“Breogán”**. Unha celebración anual que xa é tradición entre tódolos socios e amigos e que nesta ocasión dediciouse facela na localidade veciña de RAIMAT (Lleida). Asistencia á Santa Misa, na igrexa parroquial daquela localidade, que foi cantada pola nosa Coral Cengallei. Xantar campestre que levamos cada un dos asistentes. Tódolos socios e simpatizantes que nos achegamos a esta celebración, participamos do reparto de diversos agasallos, despois do correspondentes sorteo, consistente en diversos e variados produtos de calidade galegos. Denantes de voltar degustamos unha queimada de augardente galega.

24-09-04

Convidada especificamente pola parroquia da **Verge de la Mercè**, a nosa **“Coral Cengallei”** canta a Misa en honor á Virxe na celebración da súa onomástica.

OUTUBRO

01-10-04

Asistencia da Vocalía da Muller ó **“Día de la Dona”**. Acto organizado pola Concellalía da nosa cidade, en Pardiniyes.

01-10-04

Misa en honor á **“Verge Blanca de l’Academia”**, Patroa de Lleida, ás 20 horas na Capilla do Corazón de María, con acompañamento, na parte cantada da misa, da nosa Coral Cengallei.

07-10-04

Excursión **“Xacobeo 2004”**, con destino a Galicia (90 persoas en dous autocares). O Hotel Porto Cobo de A Coruña foi lugar de residencia e punto de partida para tódolos días en Galicia. As xornadas transcorriron con moito lecer e disfrute para tódolos asistentes. Tivémola honra de ser recibidos, no Pazo de Raxoi, polo Excmo. **Sr. Presidente da Xunta de Galicia don Manuel Fraga**, concretamente o día 11 víspera do noso regreso a Lleida. Amosounos o seu aprecio e amabilidade e nós correspondémoslle cunha calurosa e afectuosa salutación, aproveitando a ocasión para facerlle entrega e impoñerlle o Escudo de Ouro da Entidade, de mans do noso **Presidente José Terceiro**. Tamén apropiémosnos a ocasión para darlle un agasallo que nos encargou o Concello de Lleida, e no nome do propio Alcalde fixémoslle entrega do mesmo. Estivemos acompañados, en todo momento polo Conselleiro de Emigración don **Aurelio Miras Portugal**. Dende aquí queremos deixar constancia escrita do noso agradecemento a todos: Participantes e Autoridades.

12-10-04

Celebración da Santa Misa en honor da **Patroa da Garda Civil**. A nosa Coral Cengallei, unha vez máis, convidada de honra participa na parte cantada da Misa que é oficiada polo Ilmo. **Sr. Obispo** da nosa cidade.

28-10-04

A Xunta Directiva do Centro Galego de Lleida é recibida en acto institucional e protocolario polo **Ilmo. Sr. Alcalde don Angel Ros i Domingo**. Unha visita de cortesía na que nos atendeu moi amablemente e aproveitamos a ocasión para convidalo a que fixera os honores para o noso Centro de realiza-la presentación pública do seguinte número da nosa publicación **“Xurdimento”**, aceptando de moi bon grado. Neste acto fíxonos entrega dunha fotocopia da carta recibida de Galicia, enviada polo Presidente da Xunta dándolle efusivas gracias polo agasallo que nós lle entregamos persoalmente en nome do Concello de Lleida.

30-10-04

“Día de TODOLOS SANTOS”. Celebración da Santa Misa na Parroquia de Sant Jaume, á que pertencemos, realizando a nosa Coral Cengallei a parte cantada da mesma. Despois, coma sempre, na nosa sede social, os nosos socios e simpatizantes asisten e degustan as castañas e panelllets do tradicional **“Magosto”** ou Castanyada típica destas datas.



NOVIEMBRE

02-11-04

Baile de Salón: O día dous do presente mes, iniciouse no local social do Centro, un curso de *Baile de Salón*, que se imparte tódolos martes, de 21 a 22,30 horas. Esta actividade está organizada pola Vocalía da Muller.

15-11-04

A **Federación de Casas e Centros Rexionais de Lleida** encetou hoxe as súas "*Xornadas Culturais*", que se prolongarán ata o día 28 de setembro, segundo explicou o seu Presidente, don Cosme García. A inauguración das xornadas celebrouse no Teatre Escorxador, cun pregón a cargo do periodista *Javier Gironella*, quen disertou sobre a cultura particular que deben de levar a cabo as Casas Rexionais no mundo da "aldea global". Despois asistimos á actuación especial dos percusionistas do Conservatorio de Lleida.

20-11-04

A nosa Coral Cengallei organizou unha excursión ó **Mosteiro de Pedra-Nuévalos** (Zaragoza), con visita previa á Virxe do Pilar, na capital zaragozana, sendo o motivo principal da viaxe o participar na homenaxe que se lle rendía ós maiores desa localidade de Nuévalos, coa asistencia previa á Misa cantada pola nosa Agrupación, que cantou as partes musicadas da mesma, interpretando seguidamente, na mesma Igrexa, varias pezas do seu repertorio. Finalmente, convidados polo Concello, asistimos a unha cea conxunta entre tódolos veciños e perto de medio cento de persoas que acompañabamos á nosa Coral Cengallei.

25-11-04

Con motivo das "*xornadas culturais intercentros*", levouse a cabo unha conferencia no Centro Galego de Lleida, a cargo do periodista *Amadeo Cobas López*, quen abordou o tema "*Xacobeo-2004*" cun parlamento sobre temas relacionados co Camiño de Santiago, as celebracións diversas do Xacobeo e outras cuestións de Galicia. Acto desenrolado diante de numeroso público que asistiu con moito enfeite. Apoiando esta actividade e participando tamén se atopaban diversas autoridades, entre as que salientamos: o Presidente da Deputación de Llieda, don Isidre Gavin i Valls; o Rexedor do Concello, don Josep María Llop i Torné, en representación do Alcalde da cidade e a Rexedora do mesmo Concello, dona Anna Balañá i Brugulat; dona Inma Visús, de Equipament Cívic da Generalitat, así como presidentes e compoñentes doutras Casas Rexionais de Lleida.

28-11-04

Organizada pola *Federación de Casas Rexionais de Lleida* celebrouse a **cea de irmandade** no Restaurante La Mina, que reuniu a uns douscentos comensais, presidida polas autoridades locais e da Generalitat.

DECEMBRO

02-12-04.

O Xoves día 2 de decembro, ás 18,30 horas, no noso local social e organizado pola **Vocalía da Muller**, levouse a cabo unha

charla informativa, baixo o lema *¿Qué fem amb les escombraries?*, realizada por persoal técnico da Rexiduría de Medio Ambiente do Concello de Lleida.

05-12-04

O domingo día 5 de decembro o noso Centro visita a Residencia das Hermanitas de Aitona, coa asistencia á Santa misa (ás 11 horas), cantada pola nosa **Coral Cengallei**. A continuación o mesmo Coro, interpretará algunhas panxoliñas.

12-12-04.

O domingo día 12 de decembro, actuouse no Hogar de las Hermanitas de Juana Jugan. Asistencia á Misa cantada pola nosa **Coral CENGALLEI**. A continuación, e no salón de Actos, interpretación de varias cancións tradicionais e galegas. Esta visita realízase anualmente e prográmase dentro dos actos habituais da nosa Casa Rexional.

13-12-04.

O Luns día 13 de decembro, ás 21, no local Social do Centro, a Vocalía da Muller, celebrou cunha cea, a festa de Santa Lucía.

16-12-04

A **Concellalía de Participación Ciudadana e Promoción da Muller**, organizou, no Auditorio "Enric Granados" de Lleida, un encontro co obxectivo de felicita-lo Nadal ás diferentes asociacións veciñais, casas rexionais e asociacións de mulleres da capital do Segriá. Ó acto asistiron decenas de membros destas entidades. O tenente de alcalde responsable desta cocellalía, don Francesc Pané, presidiu o acto xunto cos representantes das diferentes asociacións.

19-12-04

A **Vocalía da Muller** participa na "**Marató TV3**", dedicada este ano ás enfermidades respiratorias crónicas.

Este domingo, ás 11 horas, a **Coral Cengallei**, cantou a misa no Hospital Provincial de Santa María de Lleida.

21-12-04.

O Martes día 21 de decembro, ás 16,00 horas, no local social do Centro e organizado pola Vocalía da Muller, levouse a cabo unha **demostración de cociña** a cargo do chef *«Pepe Daza»*, despois degustáronse tódolos pratos cocinados acompañados de bon viño Ribeiro.

23-12-04

O xoves día 23-12-04, ás 20 horas, o noso **CORO CENGALLEI**, participa no **RECITAL DE NADALES**, que organiza a Federación de Centros e Casas Regionais de Lleida en colaboración coa "**MARATÓ TV3**". Dito acto tivo lugar no **«CENTRE CÍVIC DE BALÀFLA»**, C/ Terrassa núm. 1 (esquina C/ Penedes) con entrada libre para tódolos asistentes.

Despedida do ano 2004.

O Presidente e os membros da Xunta Directiva do Centro, deséxavos a todos un Feliz Nadal e un Próspero ano 2005.

Luís Trigo

O Centro Galego... na prensa

SEGRE
 Lunes 29 de marzo de 2004
 N.º 7.924 Año XXII
 2 euro



El grupo del Centro Galego que participou en la calçotada.

Calçotada del Centro Galego

LLEIDA-El Centro Galego celebró ayer en la partida de Grenyana la tradicional calçotada, que, a pesar de la lluvia, no quedó afectada. El evento alcaide de Educación y Participación, Francesc Puig, asistió a la comida.

[A Calçotada]

la Mañana DIARI DE PONENT
 www.lamanyana.es



'Calçotada' del Centro Galego en la ermita de la partida de Grenyana

LLEIDA. El Centro Galego organizó ayer una calçotada en la ermita de Grenyana. El evento no fue afectado por la lluvia y estuvo muy bien acogido. El alcalde de Educación y Participación, Francesc Puig, asistió a la comida.

la Mañana DIARI DE PONENT
 www.lamanyana.es

la Mañana DIARI DE PONENT
 www.lamanyana.es

Semana cultural del Centro Galego

Centro de los actos festivos de la semana cultural del Centro, se presentará el número 17 de la revista Xurdimento, a cargo de la Diputación de Lleida. Un aperitivo, punto final a la presentación. Lugar: Centro Galego de Lleida. C/ Los de la Bola, 20. Ingres: 2000



CELEBRACIÓN DE LA SEMANA CULTURAL

El grupo galego de teatro se prepara para la presentación de la revista Xurdimento.

la Mañana DIARI DE PONENT
 www.lamanyana.es



El Centro Galego presentó un nuevo número de Xurdimento

LLEIDA. El Centro Galego presentó ayer un nuevo número de la revista Xurdimento. El evento se celebró en la sede del Centro Galego de Lleida.

SEGRE
 Lunes 8 de febrero de 2004
 N.º 7.924 Año XXII
 2 euro

[A Semana Cultural]

la Mañana DIARI DE PONENT
 www.lamanyana.es

El presidente gallego recibió la insignia de oro del Centro de Lleida de manos de su presidente

Manuel Fraga define a los emigrantes gallegos como "verdaderos globalizadores"

LLEIDA. Manuel Fraga, presidente del Centro Galego de Lleida, recibió ayer la insignia de oro del Centro de Lleida de manos de su presidente, Manuel Fraga. El acto se celebró en la sede del Centro Galego de Lleida.



Manuel Fraga recibiendo la insignia de oro del Centro de Lleida de manos de su presidente

Manuel Fraga, presidente del Centro Galego de Lleida, recibió ayer la insignia de oro del Centro de Lleida de manos de su presidente, Manuel Fraga. El acto se celebró en la sede del Centro Galego de Lleida.



Dois novos membros se unen a xunta do Centro Galego

LLEIDA. Dois novos membros se unen a xunta do Centro Galego de Lleida.



CORRIDA POPULAR DO CENTRO GALEGO. O Centro Galego de Lleida organiza unha corrida popular de baile.

[O Xacobeo 2004]

Concurso infantil de debuxo



Alex, 6 anos

CENRO CALIÇA, Bork




Anónimo



Aria Pérez-Oliva, 3 anos

Aria Pérez-Oliva, 3 anos



Eli, 9 anos



Ivan




Gerard Villar, 10 anos

Gerard Villar, 10 anos



Marc Rodríguez, 9 anos

Marc Rodríguez



Kevin Peinado, 5 anos

KEVIN Peinado, 5 anos



Marta




Nerea, 2 anos



Nerea, 2 anos



Pablo Rodriguez



Pili, 5 anos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Restaurant

Centro Galego de Lleida



Tapas variadas

Menú diario

Comedor a la carta

Especialidad en marisco y productos de Galicia



Joc de la Bola, 20 • Tel. : 973 27 03 02 • 25003 Lleida

Muntanyes de Neu Pirineu de Lleida



Neu de Lleida

Tant i tan a prop!

Esquí de fons:

Aransa
Lles de Gerdanya
Sant Joan de l'Erm
Tavascan
Tuixent-La Vansa
Bosc de Virós (Vallferrera)

**Forfet de temporada
conjunt: 70 euros**

**Ara
LLEIDA**



tel. 902 10 11 10 www.lleidatur.com

Patronat de Turisme. Diputació de Lleida